

O xornal da Terra de Melide

Nº 75. Abril 2012. Distribución gratuíta

Máis de 50 firmas estarán no Salón da Voda o 22 de abril

Os comerciantes e empresarios da comarca de Melide responderon de forma masiva á convocatoria para participar na primeira edición do Salón da Voda, impulsada conxuntamente por Asetem e a Concellería de Promoción Económica e Turismo. Un total de 54 negocios pertencentes a 14 sectores diferentes confirmaron xa a asistencia ao evento que se celebrará no Pazo de Exposicións en horario de 11:00 a 20:00 horas. P3



EMPRESA

Maior impacto da folga do 29M na industria ca no comercio local P8

COMARCA

Cerne estrea nova sección de entrevista política: "Fala a oposición" P19

CULTURA

A Foliada fará de Melide a capital galega da cultura tradicional P24

ENTREVISTA



Ma Carmen Rodríguez, Skala Peluqueros
"As academias pequenas dan unha formación mellor" P31

A Deputación poñerá cartos para acondicionar a piscina




O presidente do organismo provincial, Diego Calvo, comprometeu apoio económico para que o recinto estea nas mellores condicións "canto antes". P13

Melide celebra os 35 anos da Biblioteca Municipal



O servizo público chega á plena madureza con boa saúde: 3.400 socios de toda a comarca, 11.000 préstamos ao ano e 21.000 volumes nos seus estantes. P15



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- EDIFICACIONES Y CONSTRUCCIONES REALIZADAS SIN LICENCIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Unha folga para reflexionar

Despois da batalla debe chegar a calma. Pasada a folga xeral, urxe a súa boa administración. A xornada de paro do 29-M deixa no aire moitas cuestións sobre as que non hai nin haberá acordo: comezando pola necesidade da convocatoria, a idoneidade do momento, o seu éxito ou fracaso e as consecuencias futuras. O único certo é o feito de que o país viviu unha xornada de folga xeral, a sétima da democracia, e que iso debería servir para extraer conclusións que contribúan a sacar a economía do pozo da crise.

Unha boa administración da folga xeral require, como paso primeiro e inevitable, deixar a un lado a loita política, sindical e informativa na que se converteron os paros convocados nos últimos anos. Cómpre desterrar as actitudes inamovibles que nos permiten adiviñar o resultado das convocatorias mesmo antes de que se produzan: éxito para os sindicatos, fracaso para o goberno. É preciso que traballadores e pequenos empresarios deixen de ser moeda de cambio no fragor da batalla.

A paz social non pode verse ameazada polo simple feito de que as principais partes da contenda non estean dispostas a cambiar unha soa liña das súas posicións de partida: o goberno dicindo que a Reforma Laboral que motivou a



folga non se toca e os sindicatos creando alarma ao anunciar un incremento na conflictividade social.

É momento, pois, de aplacar os ánimos e recompoñer as relacións. A longa crise económica e as medidas que se veñen aplicando dende maio de 2010 provocaron un gran malestar social e unha incerteza sobre o futuro que non se resoven cun cambio de goberno nin cun paro xeneralizado da actividade do país. Require diálogo constante.

Tan necesario como o diálogo é recuperar o concepto de folga como unha cuestión democrática de dereitos e liberdades e non como un conflito entre gobernos, sindicatos, patronal e traballadores. A folga é un dereito fundamental recoñecido no artigo 28.2 da

Constitución Española. Non obstante, malia que a Carta Magna prevía expresamente a súa regulación por lei, a única norma con ese rango que a regula é preconstitucional: o decreto lei 17, de 4 de marzo de 1977. Esta mesma norma é a que garante que se respectará a liberdade de traballo daquelas persoas que non queiran sumarse ao paro. Unha nova regulación é moi necesaria, tamén no referido aos servizos mínimos e esenciais, outro dos puntos conflictivos en cada folga xeral e onde a lexislación presenta maiores problemas.

En conxunto, o que temos é unha situación de tensión que nin uns nin outros saben resolver. Esa si que é unha culpa repartida. Só cabe esperar que da folga saia máis sentido común e menos conflito.

Tribuna de opinión

Sen crise de ideas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O próximo 22 de abril Melide vestírase de branco para converterse na capital por excelencia para os casamentos. A vila celebrará por primeira vez o Salón da Voda, unha iniciativa pioneira impulsada por Asetem e o Concello, que servirá para amosar a variada oferta do tecido empresarial de Melide e a súa comarca.

O Salón da Voda é, ao igual que foi no seu día a primeira edición da Pasarela da Moda, un exemplo de que ante a crise o mellor é a acción. En tempos difíciles coma os que atravesamos poden faltar cartos, recursos e mesmo ánimos pero nunca ideas, esa fonte inesgotable da que se debe sacar bo partido. Esta nova iniciativa, que servirá de plataforma para máis de 50 negocios de moi variada natureza, tamén

nos abre os ollos a novas formas de aproveitar os nosos recursos.

Melide foi dende sempre un lugar axeitado para organizar un casamento pero ata agora non se viu con claridade que a ese potencial se lle pode sacar máis partido cando se organiza e se estrutura. Non hai nada novo. Todo estaba aí. A cuestión é ser conscientes do que temos e impulsar a súa posta en valor. Do mesmo xeito debe facer cada establecemento a título individual: buscar as fortalezas que de seguro ten e atopar a forma de facelas visibles.

Ante a crise, cómpre acción. Como sinalou Simone de Beauvoir “El hombre puede actuar, debe actuar. El hombre únicamente es actuando en el riesgo y en el fracaso”.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	13
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	24
-COLABORACIÓN.....	30
-ENTREVISTA.....	31

Máis de 50 negocios da comarca confirman a súa asistencia ao I Salón da Voda de Melide

No evento terán representación catorce sectores comerciais e empresariais

Os comerciantes e empresarios da comarca de Melide responderon de forma masiva á convocatoria para participar na primeira edición do Salón da Voda, impulsada conxuntamente por Asetem e a Concellería de Promoción Económica e Turismo. Un total de 55 negocios confirmaron xa a asistencia ao evento, que se celebrará o próximo 22 de abril no Pazo de Congressos en horario ininterrompido de 11 da mañá a 8 da tarde.

“Casa comigo... en Melide” é o lema desta iniciativa na que estarán representados 14 sectores comerciais diferentes que ofrecerán no seu conxunto todo o necesario para organizar un casamento. O Salón non só presentará produtos e servizos, senón tamén unha imaxe innovadora e vangardista con propostas moi orixinais nas que están traballando a maioría dos establecementos e algunhas das cales xa se poden avanzar.

Propostas de vangarda

O evento será o escenario no que se presente unha nova marca de roupa con cuño melidense: El Patio de mi Casa. Trátase dunha liña de ameri-



Os establecementos ofrecerán todo o necesario para unha voda

canas para nenos e nenas entre 2 e 7 anos deseñadas por Marisa de El Baúl de La Piquer. Son modelos exclusivos, feitos á man, que poderán estar tamén dispoñibles en tallas máis grandes para as nais que queiran asistir ás cerimoniais de xogo cos seus fillos.

Xunto coas novas marcas non faltarán as xa consolidadas e recoñecidas. As protagonistas de toda voda, as noivas, terán á súa disposición deseños de Sonia Peña, Sincerity Bridal ou Aire (do Grupo Rosa Clará). É a aposta de Silvia Novias para o seu stand, no que contará con tres manequíns que lucirán diferentes modelos ao longo do día.

A vangarda irá da man da tradición en propostas como a de Centro Comercial Ares, que

apostará pola cubertería e a cristalería para lista de vodas e terá no seu stand diferentes modelos dunha vaixela de Santa Clara que leva o nome de Melide. Nunha liña semellante, Expert Melide ofrecerá unha completa mostra de cerámica de Sargadelos con vaixelas, xogos de almorzo e de café e figuras decorativas.

Os doces, protagonistas

A repostería tradicional e artesá de Melide terá un espazo destacado no Salón da Voda e ofrecerá algunhas das propostas máis orixinais. Entre elas, as do Salón de te Madame Chocó, que presentará recordatorios para os invitados en forma de galleta e tamén amosará unha ampla variedade de cupcakes para os “coffee

nights” das vodas e das despedidas de solteira, cada vez máis de moda. Tamén Casa Estilo levará ao Salón unha mostra de buffet de media noite e de regalos dos noivos e padriños baseados na repostería tradicional local. Non faltarán as tartas nupciais. Á oferta sumaranse produtos ecolóxicos e delicatessen como os licores, as marmeladas ou o marron glacé de Xebre.

Hostalería e animación

Lugares idílicos para celebrar un enlace como son as casas rurais e os pazos da comarca estarán presentes no salón, ao igual ca establecementos locais como o Hotel Carlos 96, que levará unha montaxe de mesas nupciais e ofrecerá viños e tapas aos asistentes. Será parte da animación do evento, que se completará con varias actuacións musicais ao longo da xornada, a presenza de coches antigos e algunha que outra sorpresa dalgún dos comercios participantes.

Páxina web

O evento será promocionado na rede a través da páxina web salondeboda.com, deseñada para a ocasión por Sanoguera Fotografía. Nela aparecerán todos os participantes e, pinchando no logo de cada un deles, poderase acceder ás súas respectivas páxinas web ou, no seu defecto, a información con datos e localización. A xeito de memoria tamén incluírá fotos e vídeos do evento unha vez que remate.

Listado de participantes

Hostalería: Casa Quinzán, Casa A Ponte, Hotel Carlos 96, Pazo Vilar de Ferreiros, Pazo de Bendoiro, Hotel Balneario Río Pambre. **Animación musical:** Espectáculos Ángel Seoane, Grupo de Cámara de Melide, Animus animador musical, A Gramola discoteca móvil, Grupo Paladium, Patricia Méndez, Irene Ruiz, Mingos, Chansons de la vie. **Moda, complementos e lenzaría:** Silvia Novias, Berencello, Casa das Luces, Mis mejores labores, El patio de mi casa, M&M, Q’me compro, Modas Alfonso, Toanma moda, Calzados Broz. **Imprentas:** Imprenta Meligraf, Impugal. **Xoierías:** Xoiería Roval, Xoiería Oro Ley. **Listas de voda:** Mobles Ares, Expert Melide, 1945 by Noguerol, Electrosan, Centro comercial Ares S.L. **Viños:** Distribuciones O Carrizo, Distribuciones Casa Alongos, Casa Juanito. **Coches de época:** Sergio Coche Inglés, Coches clásicos de boda, cochesparabodas.net, Tu boda en Rolls Royce. **Detalles e repostería:** Decoré, Casa Estilo, Pastelería Trisquel, Pastelería Caprichos, Madanme Chocó, Xebre, Cafés Cubalux. **Fotografía:** Imaxina, Sanoguera fotografía. **Florería:** Floristería Maru. **Perruqueiros e beleza:** Santín & Amo perruqueiros, Beleza e bienestar Alexandra, Salón de perruquería Andón. **Autobuses:** Autos Puntero, Gomserbus. **Axencias de viaxes:** Halcón Viajes. **Telecomunicacións:** Intermax.

Set de 3 sartenes ecológicas al contratar tu nueva póliza de HOGAR.

Prima mínima de 150 € para pólizas contratadas entre el 01-03-2012 y el 31-05-2012

SEGUROS BILBAO

GRUPO CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/ Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES

hasta el

**TU SEGURO DE VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES
A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS**

25% descuento

Casa comigo... en Melide

Máis de 50 empresas do sector

**Listas de voda
Fotógrafos
Vestidos de noiva
Traxes de noivo
Lenzaría
Perruquerías e xoierías
Música para cerimonia
Axencias de viaxe
Hoteis e restaurantes
Casas rurais e pazos
Disk Jockeys
Florerías
Tendas de moda
Complementos
Pastelerías
Coches clásicos
Detalles de voda
Invitacións**

E moito máis...

Casa comigo... en Melide



www.salondeboda.com






Corsetería especial para
NOVIAS

MIS MEJORES LABORES




Avenida de América, 3 MELIDE



MIS MEJORES LABORES



MERCERÍA Y COMPLEMENTOS



Bono Especial Noivas

belzzar e benestir



Alexandra

Pezling corporal.
Limpza de cutis.
Manicura. - Pedicura.
Proba de Maquillaxe...

+info:
657 189 280

Avda. América, 9
MELIDE



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Programa Iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), 2012

(DOG nº 61, do 28 de Marzo de 2012)

Beneficiarios:

Empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, nas cales concorran, na data de inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- Que sexan empresas de nova creación.
- Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.
- Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nun concello de Galicia.
- Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.
- Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.
- Que como mínimo o 50% do seu capital social sexa de titularidade dos promotores que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

Liñas de axuda:

.- SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE

Subvención en función dos postos de traballo de carácter indefinido creados, incluídos os das propias persoas promotoras, ocupados por persoas desempregadas, ata un máximo de dez. Contías: Entre 4.000 e 6.000 euros por posto creado a tempo completo, segundo o colectivo. Poderán ser obxecto desta subvención os postos de traballo estables de carácter indefinido creados desde o 01/10/2011 ata o 30/09/2012.

.- SUBVENCIÓN FINANCEIRA

Redución dos xuros de préstamos necesarios para a creación e posta en marcha das empresas. Como mínimo, o 75% do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible. Contía: Redución de ata catro puntos do tipo de xuro.

O importe máximo desta subvención estará entre 4.000 e 6.000 euros, segundo o colectivo. Para os efectos do cálculo da contía desta axuda teranse en conta os postos de traballo creados

desde o 01/10/2011 ata o 30/09/2012.

.- SUBVENCIÓN ASISTENCIA TÉCNICA

Poderá consistir nas modalidades de formación e realización externa de estudos e informes sobre a actividade.

Contía: será de ata o 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

.- SUBVENCIÓN INICIO DA ACTIVIDADE

Serán subvencionables os gastos de constitución da empresa, a compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local, de maquinaria e de equipos informáticos, gastos do seguro do local, publicidade e subministracións.

Contía: ata 2.400 euros por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez; ata 3.600 euros para desempregados de longa duración e discapacitados. 4.800 euros para as persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.

.- SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PROFESIONAL E PERSOAL DOS PROMOTORES

Subvención do 75% do custo dos servizos de gardería, ata un máximo de 3.000 euros, para os promotores que teñan fillos menores de tres anos.

Beneficiarias: As empresas polos promotores que obtendo a subvención á xeración do emprego estable, sexan titulares de familias monoparentais ou na que os dous cónxuxes realicen unha actividade laboral e estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

.-INCREMENTOS DOS INCENTIVOS

As contías máximas das axudas deste programa, incrementaranse nun 25% nos casos de que a empresa teña o seu domicilio social e o centro de traballo nun concello das provincias de Lugo e Ourense.

Prazo xeral: ata o 30 de setembro de 2012.

Prazos específicos:

- Subvención á xeración de emprego estable: 1 mes desde a data de alta na Seguridade Social.
- Subvención financeira: 1 mes desde o inicio da actividade.

Prazo especial para a axuda á xeración de

emprego estable e subvención financeira polas actuacións realizadas entre o 1/10/2011 e a data de publicación da orde: ata o 30/04/2012.

Fiscal e laboral

NOTAS SOBRE A REFORMA LABORAL. CONTRATOS

A) NOVIDADES DO CONTRATO DE FORMACIÓN E APRENDIZAXE.

IDADE: maiores de 16 anos e menores de 25 anos que carezan de cualificación profesional. Transitoriamente, elévase a idade para poder celebrar este contrato ata os 30 anos, mentres a taxa de desemprego non sexa inferior ó 15%. Non se aplica o límite de idade para traballadores con discapacidade.

DURACIÓN: mínimo 1 ano, máximo 3 anos. Por convenio colectivo, a duración mínima pode ser de 6 meses.

Expirada a duración do contrato, o traballador non poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa para a mesma actividade laboral ou ocupación, pero si para unha distinta.

- TEMPO EFECTIVO DE TRABALLO. Non poderá ser superior ó 75% durante o primeiro ano ou ó 85%, durante o 2º e 3º ano, da xornada máxima prevista en convenio colectivo ou, no seu defecto, da xornada máxima legal. Estes traballadores non poden realizar horas extras, traballos nocturnos ou quenda.

-RETRIBUCIÓN. Fixarase en proporción ó tempo de traballo efectivo, de acordo co establecido en convenio colectivo. En ningún caso a retribución pode ser inferior ó SMI, en proporción o tempo de traballo efectivo.

- REDUCCIÓN DE COTAS. Contratar a traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego dará dereito durante toda a vixencia do contrato, incluídas prórrogas, á redución das cotas empresariais á Seguridade Social do 100% en empresas de menos de 250 traballadores, ou o 75% no resto. Tamén se reduce no 100% as cotas dos traballadores á Seguridade Social.

-TRANSFORMACIÓN EN INDEFINIDOS. Redución da cota empresarial á Seg. Social de 1.500 euros/ano, durante 3 anos (1.800 €/ano mulleres).

- FORMACIÓN. A Formación destes contratos estará relacionada coa actividade do traballador no posto de traballo, co que desaparece para os contratos celebrados a partir do 31/08/2011 a formación orientada á obtención de Graduado en ESO. A formación será bonificada nos seguros sociais.

B) CONTRATO DE TRABALLO INDEFINIDO DE APOIO ÓS EMPREENDEDORES. ESQUEMA RESUME.

Poderase concertar por empresas con menos de 50 traballadores. O contrato será por tempo indefinido e a xornada completa. Período de proba, 1 ano.

Incentivos fiscais:

- 1) A empresa terá dereito a unha dedución fiscal de 3.000 euros polo primeiro contrato concertado cun menor de 30 anos.
- 2) Adicionalmente, en caso de contratar desempregados beneficiarios dunha prestación contributiva de desemprego, a empresa terá dereito a unha dedución fiscal equivalente ó 50% da prestación por desemprego pendente de percibir polo traballador no momento da contratación, cun límite de 12 mensualidades, cando ó traballador lle resten por percibir, polo menos 3 meses de prestación.

O traballador contratado poderá voluntariamente compatibilizar cada mes, xunto co salario, o 25% da contía da prestación que tivera recoñecida e pendente de percibir.

Bonificacións. As contratacións de desempregados inscritos na oficina de emprego, darán lugar as seguintes bonificacións:

a) Xoves entre 16 e 30 anos, 1000 €/ano o 1º ano; 1.100 €/ano o 2º ano; e 1.200 €/ano 3º ano. Mulleres, incrementaranse con 100 €/ano.

b) Maiores de 45 anos, que leven inscritos na Oficina de Emprego 12 meses, nos últimos 18 meses anteriores á contratación, 1.300 €/ano, durante 3 anos (1.500 €/ano, mulleres).

PARA A APLICACIÓN DOS INCENTIVOS E BONIFICACIÓNS é necesario manter ao traballador no emprego durante 3 anos.

RAFAEL RODRÍGUEZ GAIOSO, PRESIDENTE DE “MELISA”

“O software actual só busca a rendibilidade para as multinacionais, non para os usuarios”

O primeiro contacto de Rafael Rodríguez coa informática produciuse cando tiña trece anos. Convinceu a seus pais para que lle mercasen un Amstrad, o ordenador de moda nos inicios dos 80, e emprendeu un camiño no que xa non houbo marcha atrás. Fixo da afección a súa profesión. Licenciouse na Coruña e volveu a Melide para rexentar durante oito anos unha tenda de informática na que descubriu “as maldades” do software

privativo. O das grandes multinacionais. O que utiliza arredor do 90% dos ordenadores. Viu que como profesional tiña máis que aportar e iniciou unha loita titánica, consciente de que nada contrarrente, por divulgar as bondades do software libre, no que confía como instrumento de progreso e de igualdade. Dende 2008 canaliza este seu empeño a través da Asociación de Software Libre de Melide (Melisa), que preside na actualidade.

-Os divulgadores do software libre sodes, en certo modo, uns antisistema?

-Si. Estamos ante a comercialización de produtos por parte de grandes multinacionais que para nada se preocupan dos problemas locais. O sistema fai que todos sexamos iguais e iso non ten sentido tampouco na tecnoloxía. Non é lóxico que máis do 90% de equipos informáticos utilicen o mesmo sistema operativo. Quen se preocupa das túas necesidades? O sistema está monopolizado e nese sentido si que imos contrarrente.

-Que alternativa ofrece o software libre?

-Podes copialo e distribuílo de xeito legal. E, sobre todo, modifícalo de acordo coas túas necesidades. Iso permitiría, por exemplo, ver software adaptado ao entorno rural e ás explotacións gandeiras. Ou ás necesidades das empresas. É unha forma de xerar emprego. O sistema actual busca rendibilidade para as multinacionais, non para os usuarios.

-O usuario, por defecto, sempre accede ao software privativo. Cal é o xeito de acceder ao libre?

-O privativo acostuma a vir instalado nos equipos cando se mercan, sobre todo nos portátiles. Para saír desa situación, o usuario ten que buscar axuda no seu entorno: en voluntarios, en amizades, en foros da internet ou en asociacións como Melisa. A axuda e o consello son fundamentais para iniciarse no software libre. A transición dun sistema a outro debe ser gradual porque hai hábitos adquiridos que se deben cambiar.

-Pode supoñer un aforro para empresas e administracións?

-Si, a medio e longo prazo,



Rafael Rodríguez Gaioso

porque te libras das ataduras que che impón unha marca comercial. De todos xeitos, é preciso destacar que o software libre non é gratis. Co tempo resulta máis barato porque se poden facer copias. O que nunca é gratis son os servizos: a formación para usalo, adaptalo ás túas necesidades, cambiarlle o idioma... nesa parte é onde entra o negocio.

-Que implantación está tendo na comarca?

-A nivel privado temos constancia de que hai xente que xa o usa. A Consellería de Educación estase preocupando porque todos os equipos cheguen xa aos colexios con software libre. E na administración local hai moito interese. A radio municipal utiliza unicamente software libre. É unha experiencia piloto dentro do conce-

llo que poida que se estenda a outros ámbitos.

-Que actividades desenvolve Melisa?

-Sobre todo labor de divulgación e difusión en centros de ensino e concellos limítrofes. Colaboramos con outras asociacións na organización de eventos e agora estamos involucrados no Plan de Voluntariado Dixital da Xunta. Somos unha asociación de base, facemos un labor de proximidade.

-Que significa Melisa?

-No software libre utilízanse moito os acrónimos. Sempre hai un xogo de palabras. “A” vén de Asociación, S de software, LI de Libre e ME de Melide. Puxémolo ao revés e lido de esquerda a dereita, como é habitual, saíu Melisa. A vaca frisona é a nosa mascota.

Que é o software libre?

O **software** é calquera aplicación ou programa que estea instalado nun ordenador ou noutro dispositivo electrónico: móbil, mp3, televisor, coche...

Chámaselle **software libre** a aquel que lle permite aos usuarios executalo, copialo, distribuílo, estudalo, cambialo e melloralo. O software libre concede catro liberdades básicas: **1.** liberdade para executar o programa sexa cal sexa a nosa intención, **2.** liberdade para estudar o funcionamento do programa e adaptalo ás nosas necesidades, **3.** liberdade para distribuír copias e axudar deste xeito a coñecidos e amigos, **4.** liberdade para mellorar o programa e logo publicalo para ben da comunidade. Non debe confundirse co software gratuito. O software libre non se basea nunha cuestión de prezo, senón de liberdades.

O termo oposto ao software libre é o **software privativo**. Refírese a calquera programa informático no que os seus usuarios teñen limitadas as posibilidades de usalo, modifícalo ou distribuílo. O seu uso supón acatar unhas certas condicións. No software privativo unha persoa ou compañía ten os dereitos de autor e non permite que o programa se adapte ás necesidades do usuario ou se use con calquera propósito. As sucesivas versións de Windows ou os antivirus de diferentes marcas son exemplos de software privativo.

Cinco motivos para usar software libre na empresa

1. Seguridade. Se facemos uso de aplicacións que non teñen aberto o seu código, viviremos coa incerteza de se o seu funcionamento está poñendo en risco os nosos datos. Mesmo podemos estar sendo espiados sen sabelo.

2. Calidade. No software libre o traballo faise colaborando e todos os participantes e usuarios aportan o seu coñecemento nas distintas áreas afectadas nun proxecto. A calidade do produto final será moito máis alta.

3. Personalización. Ao utilizar unha aplicación que permite o acceso ao seu código fonte, pódese cambiar parte dese código para que faga as tarefas específicas que preciso para o funcionamento óptimo da miña empresa.

4. Liberdade. Cando unha empresa decide utilizar unha aplicación con licenza privativa, queda presa das decisións comerciais e técnicas que decida o seu provedor. Co software libre sempre terá o control das súas decisións.

5. Probar antes de comprar. O software libre permite probar de forma completa as aplicacións e non hai limitacións como as que teñen as versión demo do privativo.

Seguimento irregular da folga xeral do 29-M na vila de Melide

O paro notouse máis na industria e no transporte ca no comercio

A folga xeral do pasado 29 de marzo tivo un impacto moderado na actividade de Melide. A convocatoria contra a Reforma Laboral foi secundada de xeito parcial polos diferentes sectores nunha xornada na que o paro se notou máis nas primeiras horas da mañá ca pola tarde.

Polígono Industrial

Sen chegar a paralizarse, a área da Madanela foi unha das zonas onde máis se notou a folga. Case todas as naves estaban abertas pero a maioría funcionaron a medio rendimento: “o polígono non parou pero está moito máis tranquilo ca de costume. Nós hoxe non saímos cos camiós e andamos por aquí facendo labores de mantemento”, comentan

dous transportistas de Melisanto. Os seus camiós permaneceron aparcados no recinto da cooperativa ao igual que a frota ao completo de Mynhor e os seus empregados: “aquí está todo parado, non hai máis ca botar un vistazo. Estamos sen facer nada e logo marcharemos para a casa”.

Centros educativos

Nos diferentes colexios da vila foi maior a ausencia de alumnos ca de mestres. O caso máis representativo é o do instituto onde, nos niveis da ESO e bacharelato, só acudiron ás clases 21 alumnos dos máis de 200 que hai matriculados. No referido ao profesorado, secundou o paro case o 50%, segundo datos aportados pola dirección do centro.

Na escola da Martagona foi á folga o 30% dos profesores e faltaron á clase o 40% dos alumnos. No colexio número 1 o paro foi seguido polo 26% dos mestres e no número 3, dun total de 18, foron á folga 4. Neste centro a ausencia de

alumnos foi considerable. Isabel, a secretaria, explicaba que “normalmente temos unha media de 20 alumnos por clase e hoxe hai sobre 7”.

O comercio

Foron maioría os que abriron con normalidade e poucos os que mantiveron as persianas totalmente baixadas durante boa parte da xornada. Algunhas tendas optaron por pechar só un par de horas durante a mañá ou por abrir máis tarde. Outras mantiveron a actividade dende primeira hora aínda que dende o exterior semellaban estar pechadas.

Centro de saúde

A actividade foi mínima e moi escaso o número de pacientes que se achegaron ás consultas. No conxunto das salas de espera, normalmente ateigadas de xente, había pouco máis de dez persoas pasadas as nove e media da mañá. Dos médicos, só un foi á folga. Pola contra, todas as enfermeiras decidiron secundar o paro.

Asetem celebrará asemblea e cea anual no mes de maio

A Xunta directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) decidiu fixar para o mes de maio a celebración da asemblea xeral ordinaria. A data exacta, que aínda non foi concretada, seralle comunicada a todos os socios a través de carta. A reunión terá lugar, como é habitual, no salón de actos da patronal melidense. A Xunta Directiva dará conta das actuacións desenvolvidas ao longo do pasado exercicio e fixará os obxectivos para o presente ano. Do mesmo xeito, lerase o balance de contas

anual. Calquera asociado que desexa coñecelo de antemán, poderá consultalo nas oficinas de Asetem. A cea anual de confraternidade celebrarase unha semana despois da asemblea.

Vitaminas para o galego

O xornal Cerne acaba de facer efectiva a súa incorporación ao proxecto “Vitaminas para o galego”, unha campaña de sensibilización e apoio aos medios que utilizan a lingua galega. A iniciativa pretende concienciar do importante papel dos medios que utilizan como lingua habitual o galego.

As bolsas do Centro Comercial Aberto estarán dispoñibles para os socios a finais de abril

Os afiliados á Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) poderán pasar a partir da última semana de abril pola sede da patronal, na rúa Lino Sexto Sánchez, para recoller as bolsas co logo do Centro Comercial Aberto. A cada comercio corresponde-

ranlle, nunha primeira quenda, entre 100 e 150 bolsas. Poderán elixir entre tres tamaños diferentes (pequeno, mediano e grande) e deberán aboar 10 céntimos de euro por unidade. O resto do custo é financiado pola Dirección Xeral de Comercio e Asetem.



Psicotécnico Santa Ana



Cantón de San Roque, 9 - 1º D
Tfno y fax: 981 50 50 75
Melide (A Coruña)



Al hacer el psicotécnico le tramitamos la renovación de su carnet ante la Jefatura de tráfico

GRATIS

Certificados Psicotécnicos:
Conducir (toda España)
Armas
Guardia forestal
Seguridad privada
Perros peligrosos
Buceo y otros
Chequeos médicos
Certificados médicos
Medicina en general



CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.

Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B

C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo

Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓNS SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre **edificaci3ns sen licenza**, inf3rmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursi3n na situaci3n legal de f3ra de ordenaci3n total.

Poden acollerse a dita Lei todas as edificaci3ns (vivendas, industrias, edificaci3ns agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentaci3n esixida pola Lei.

Coa obtenci3n do devandito certificado, poderanse iniciar os tr3mites para inscribir a edificaci3n no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada en todo tipo de **proxectos técnicos**, realiza os tr3mites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursi3n na situaci3n legal de f3ra de ordenaci3n total.

Con esta circular inf3rmase a todos os propietarios de edificaci3ns que, de estar interesados, poden poñerse en contacto con nós nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda de Lugo nº 60, entrech3n B

Tel3fonos 982 380 411 e 982 380 149

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irm3ns Garceiras nº 3, baixo

Tel3fono 981 505 781

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

CARMEN MILLARES E BÁRBARA RODRÍGUEZ,
ORGANIZADORAS DA FESTA DA HOSTALERÍA 2012

“Foi duro sacar a festa adiante, necesitamos máis voluntarios”

**-Por que decidistes poñer-
vos á fronte da organiza-
ción do evento?**

-En realidade convencéron-
nos. Era momento de ir cam-
biando e renovar un pouco
pero non había moito quen o
fixera. Nós somos botadas
para adiante e decidimos asu-
mir o reto porque sería unha
pena que esta festa se acabase,
sobre todo tendo en conta que
media vila de Melide vive di-
rectamente da hostalería.

**-Custou moito traballo or-
ganizala?**

-Foi duro porque somos só
dúas persoas. Necesítanse
máis voluntarios. Ademais
non é o mesmo que estean á
fronte persoas que teñen o seu
propio negocio ca empregadas
como somos nós. Sempre te-
ñen máis coñecidos e máis
marxe de negocio. Por outra
banda, a colaboración é menor
ca outros anos por culpa da
crise. As axudas son poucas e
os inconvenientes moitos.



**-Como se pode atallar a
falta de voluntarios?**

- A nosa idea é nomear a tres
ou catro persoas o día da festa
para que sexan da comisión do
ano que vén.

**- Pensastes en cambiar a
festa da noite para o
mediodía?**

-Non se nos pasou pola ca-
beza, porque a xente traballa e
o que teña negocio non pode

pechar a esa hora. Pensamos
en facela o venres en vez do
xoves pero tiñamos medo de
que os negocios non cerrasen.

**-Que agardades desta edi-
ción da festa ?**

-Temos a perspectiva de que
saia ben. Traemos dúas boas
orquestras, a París de Noia e a
Philadelphia, e agardamos que
a xente quede contenta e con
ganas de repetir no 2013.





Bodegas Mejuto

VINOS Y
LICORES

Teléfonos: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557
Ronda de Pontevedra, 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)

bodegasmejuto@hotmail.com



MELIDE - MONTERROSO Tfno. móvil: 617 38 48 60

VI festa da
HOSTALERÍA
MELIDE

XOVES 19 ABRIL 2012

Cea con entrada, ás 9,30 da noite e de seguido:

PARIS DE NOIA
PHILADELPHIA

CONCELLO DE MELIDE Bodegas Alejuto MONTE Y SIGORIN Pulperia TABOADA

Espectáculos **ANGEL + SEOANE** MELIDE + MONTEROSO
Tfno. móvil: 617 38 48 60



Cafetería
MARTA

Cantón de San Roque, 13
15800 MELIDE (A Coruña)

DISTRIBUCIONES

Ribeirao, S.L.
DESDE 1912

981 505 010 MELIDE

Valdouro, POSTE DA BOGA, Valdouro, Faustino, Marqués de Cáceres, BODEGA LAN, CASALOBOS, ADANTIS, Remírez de Ganuza, ADEGA DE BAZAN, ABADIA RETUERTA, Santiago Ruiz, Adegas Quinta da Posa, DINASTÍA VIVANCO BODEGAS, CARLOS SEIRES



Sousas
Mahou
Carlsberg
Zumos Juver
Trina
Schweppes

Casa Juanito
Mateo Segade Bugueiro, 39 Tfno e Fax: 981 50 51 03
15800 - MELIDE (A Coruña)

Costeira ~ Eterra
Campo Viejo ~ Alcorta ~ Azpilicueta
Muga ~ Marqués de Riscal ~ Coto
Paternina ~ Añares
Condes de Albarei ~ Pazo de Serantellos
Vega Sicilia



Ana Marcos Cardo,
Odontóloga

No marco do programa de divulgación “Coida as enxivas” que se está a facer dende a Sociedade Española de Periodoncia, imos a coñecer cales son as afeccións que sofren, como identificalas e como previlas. Existen dous tipos de enfermidades das enxivas ou enfermidade periodontal:

Xenxivite


Inflamación superficial da enxiva. O sangrado é o seu principal signo de alerta. Se non se trata adecuadamente pode derivar en periodontite.

Periodontite

Infección profunda da enxiva e do resto dos tecidos nos que se apoia o dente. Pode provocar a perda dental. Repercute na saúde xeral: aumenta o risco cardiovascular, diabético, etc...

QUE É A PLACA BACTERIANA?

É unha película de bacterias que se forma constantemente sobre o dente e as enxivas, e supón a primeira causa da Xenxivite e Periodontite. O desenvolvemento da enfermidade dependerá do número de bacterias e da súa virulencia, ademais da susceptibili-



Se a inflamación se agrava e persiste pode provocar a perda do dente

dade propia do paciente (enfermidades xerais, diabetes, tabaco, estrés, cambios hormonais, predisposición xenética, SIDA, determinados fármacos, etc...)

COMO SE IDENTIFICA A PLACA DENTAL?

Para poder eliminar correctamente a placa, hai que saber onde está localizada. Para iso, empréganse os reveladores de placa bacteriana dental (á venda en farmacias en forma de pastillas ou solución), que pode aplicar o propio paciente no seu domicilio. Mastíganse as pastillas e repártense coa saliva e a axuda da lingua por todas as superficies dos dentes.

A solución reveladora tinta de rosa aquela zona da superficie dental onde se atopa a placa dental que non foi eli-

minada correctamente co cepillado e sigue adherida ao dente. É unha forma fácil e eficaz de avaliar a hixiene dental na casa e poder corrixila. Se esta placa dental non se elimina, en poucos días calcifícase en forma de sarrio dificultando a súa eliminación e provocando máis acumulación de placa bacteriana.

COMO ACABAR COA PLACA DENTAL?

1. Cepillado de dentes e enxivas, con cepillo manual que deber durar dous minutos, xunto co dentífrico recomendado polo teu dentista.
2. Cepillado interdental con seda dental ou cepillos interproximais.
3. Uso de colutorios cando estea indicado polo profesio-



Os reveladores tinxen os dentes e axudan a localizar a placa



O uso de colutorios e o cepillado interdental combaten a placa

nal. Son unha axuda auxiliar para chegar a zonas de difícil acceso realizando unha desinfección completa de lingua, mucosas e amígdalas. Nunha deben substituír o cepillado.

4. Limpeza do dorso lingual.

5. Cada 3 meses renova o teu cepillo, que debe ser de dureza media-branda

6. Cada 6 meses visita o teu dentista para revisar as túas enxivas e eliminar o sarrio das zonas de difícil acceso.

Ana Marcos Cardo
Odontóloga
Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
Tfno. 981 50 57 05
15800 - MELIDE (A Coruña)



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATOLOGOS DE A CORUÑA



A Deputación comprométese a inxectar cartos para continuar coas obras de mellora na piscina

“Temos o convencemento de que o concello ten que salvar unha situación complicada e aí estaremos nós”. Con estas palabras, o presidente da Deputación da Coruña, Diego Calvo, manifestaba o compromiso da institución que dirixe de realizar unha achega económica para arranxar por completo as deficiencias da piscina climatizada municipal.

Non existe de momento ningunha partida asignada, á espera de que o concello presente un proxecto de reforma, nin un prazo definido para o inicio dos traballos. Non obstante, Calvo manifestou durante a súa primeira visita institucional a Melide, a intención de que a piscina estea en condicións para o seu máximo aproveitamento “canto antes”.

O presidente da Deputación visitou as instalacións acompañado pola alcaldesa, Ánxeles Vázquez, e recibiu explicacións sobre as reparacións de urxencia que se acometeron para reabrir a piscina despois de tres semanas de peche. Entre os arranxos

realizados está o dos sistema de ventilación, que era insuficiente e provocaba problemas de osixenación nas salas de musculación e actividades. Tamén se renovaron os filtros da piscina e se procurou unha mellor climatización, xa que o sistema era deficiente e tanto a auga como o ambiente estaban fríos demais.

Vázquez define os arranxos como “apaños” e considera que “falta moito por facer”. O executivo melidense estableceu un acordo cunha empresa privada para xestionar de modo temporal as instalacións mentres non saca de novo a concurso a xestión do recinto. Os 4 empregados que se encargaban antes da piscina continúan traballando. Ademais, sumouse persoal do concello “para dar mellor servizo”.

Pola súa banda, o BNG píde-lle ao equipo de goberno unha rebaixa de prezos polo uso da piscina “entre o 25% e o 50%”, que xustifica no mal servizo que se prestou ata agora. Esixe tamén información “detallada” sobre o modelo de xestión que terán as instalacións.

OS USUARIOS DAN A SÚA OPINIÓN

Son preto de 600 e durante algo máis de tres semanas víronse privados de usar as instalacións ás que acudían con frecuencia para practicar deporte e relaxarse. A maioría coñeceron o peche da piscina por un papel colgado na porta das instalacións. Foi e non foi unha sorpresa. As deficiencias do recinto adiantaban que algo así podía suceder en calquera momento. Agora todo volveu á normalidade despois dunhas obras de urxencia e os usuarios retoman con reservas a súa actividade na piscina. Entre eles están Susana, Ermitas e Isabel. As tres contan para CERNE as súas impresións sobre todo o acontecido.

- Notan algún cambio no funcionamento da piscina despois das reformas?

- (Susana) Esperamos que se fagan máis porque aínda quedan cousas pendentes. Tamén é certo que xa se fixo moito. Por exemplo, na sala de abaixo agora funcionan as máquinas de climatización. Antes non funcionaban e tiñamos alí dentro unha calor que era para morrer. Cando iamos ás clases parecía que estabamos no altiplano boliviano. Había moita humidade e era horrible.

- Solucionáronse os problemas que había ca temperatura da auga?

- (Susana) Si. A auga das duchas nos últimos tempos saía completamente fría e agora sae ben. A temperatura da piscina tamén está subindo pouco a pouco. Loxicamente, cambiáronlle o vaso todo, son moitos litros, e hai que comprender que tarda en coller a temperatura ideal, pero é que ultimamente estaba moi fría; cando chegaba a 27 graos xa era algo excepcional.

- Agora están máis contentas co servizo ca antes?

- (Ermitas) Eu non estaba contenta co servizo e agora arranxaron algo pero aínda queda moito que mellorar. Viña, pero



Susana, Isabel e Ermitas son usuarias habituais da piscina

non estaba contenta. Incluso era consciente de que nos podía dar un síncope a calquera facendo exercicio. Faltábanos o aire. Era tercéromundista.

- En que cren que hai que seguir mellorando?

- (Ermitas) En aparellos para o ximnasio, bicicletas... está todo moi gastado. En xeral as instalacións están mal porque nunca houbo mantemento. Hai que investir moito máis; o que se fixo só é un remendo.

- Como ven todo o que aconteceu? Informouse ben aos usuarios?

- (Isabel) Nin ben nin mal. Xa

nos comentaran algo de que a finais de febreiro ía pechar pero o certo é que chegamos un día aquí e atopámonos cunha incerteza total. A piscina estaba pechada, non sabíamos o que ía pasar, nin se ía volver abrir. Foi un pouco desconcertante.

- Cren que as instalacións da piscina están á altura do que demandan os melidenses?

- (Isabel) Teño as miña dúbidas. O día que estea todo como ten que estar, probablemente si. Mentres... van tirando. De momento dan a talla porque non hai moitos usuarios.



CasaQuinzan
RESTAURANTE

Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).



Tíno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
**Rúa San Pedro, 16
MELIDE**

Tenda Tf-fax 981 505 723
Queixería tf 981 510 702
Balada – Visantoña
15809 Santiso
xebre@telefonica.net

Solicitan reforzar a Policía Local para vixiar as noites de movida

O goberno local quere poñer freo ás consecuencias negativas que a movida nocturna ten para Melide, en especial para o seu mobiliario urbano. É por iso que a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, se reuniu co Concelleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, para trasladarlle a necesidade de incrementar o número de axentes da Policía Local e pedirlle que a Xunta financie a contratación de polo menos dous auxiliares.

Na actualidade a seguridade nas noites dos sábados está garantida tan só por unha patrulla da Garda Civil. A Policía Local non realiza ningún labor de vixilancia porque os catro axentes que a integran resultan insuficientes para establecer unha quenda de noite. O executivo municipal considera que coa incorporación de dous auxiliares se podería incrementar o número de horas de vixilancia estender o servizo ás noites das fins de semana.

Para o goberno local a movida é “beneficiosa” para Melide pero provoca estragos continuados en certas zonas do pobo, en edificios e no mobiliario urbano que supoñen



O muro da Rúa de Galicia sufriu as consecuencias do vandalismo

“agravios económicos para a facenda local”. Os gastos derivados das reparacións súmanse a uns problemas de seguridade que se agrandan coa chegada do verán, cando se multiplica tanto a poboación da vila como o número de persoas que se desprazan ata ela cada din de semana.

Os ataques contra o mobiliario urbano son cada vez máis frecuentes nas noites de marcha. As últimas instalacións afectadas foron as pistas

de padel. Varios descoñecidos romperon un dos cristais da pista deportiva. Recentemente preto dunha decena de coches foron raiados e quedaron sen espellos no entorno do parque Rosalía de Castro, un lugar que está resultando conflictivo dende que se converteu en zona de botellón. Un dos exemplos máis destacados das consecuencias negativas da movida foi o derrubamento dun muro de varios metros de longo na rúa de Galicia.

A Fundación Amancio Ortega financiará a nova gardería pública

Finalmente será Amancio Ortega, a través da fundación que leva o seu nome, quen financie a construción da nova gardería de Melide. A vicepresidenta da institución e muller do propietario de Inditex, Flora Pérez Marcote, asinou un convenio coa Consellería de Traballo e Benestar polo que a fundación investirá 11 millóns de euros na construción de 9 escolas infantís en toda Galicia, unha delas en Melide.

A gardería formará parte da rede de centros A Galiña Azul, estará rematada en 2015 e será xestionada pola Xunta. Terá 82 prazas e arredor de 800 metros cadrados. Ademais tamén disporá de comedor, áreas de actividades, espazos exteriores adaptados, unha sala de usos múltiples, vestuario e lavandería. En total crearanse no conxunto de Galicia 750 prazas públicas para nenos de cero a 3 anos.

“sensata e xustificada”

A noticia chega poucas semanas despois de que o goberno local de Melide, en resposta ás críticas do BNG, definise como “sensata e máis ca xustificada”

a decisión da Xunta de paralizar a construción dunha nova escola infantil en Melide e gardar no caixón o proxecto que xa existía. O executivo municipal mantiña que non era necesaria outra gardería na vila e cría que realizar tal investimento por parte das arcas públicas sería “un gasto innecesario” que só contribuíría a “duplicar infraestruturas sen sentido”.

Descenso de matrícula

Segundo datos aportados polo equipo de goberno nun comunicado público difundido a través da radio municipal, a escola infantil xa existente non chega ao 100% da matrícula en ningún momento do ano. O centro ten cubertas na actualidade 85 prazas e máis dunha decena están vacantes. O goberno local engade que, dada a evolución da demografía en Melide e na comarca nos últimos anos, non se prevén picos de demanda no servizo a longo prazo. Asegura ademais que no próximo curso haberá unha baixa de 46 rapaces que empezarán a cursar primaria nos diferentes colexios da vila.

Os campos de traballo da Xunta farán de Melide a Torre de Babel

Melide transformárase no mes de agosto nun crisol de nacionalidades e culturas, máis do que xa é de por si nesas épocas do ano grazas ao camiño de Santiago e aos visitantes que pasan o verán na vila: a Dirección Xeral de Xuventude escolleu o albergue de Furelos para organizar o campo de traballo internacional “Babelia”.

A actividade pretende fomentar o uso das linguas estranxeiras entre a poboación local e traerá a Melide a mozos e mozas entre 18 e 30 anos de toda Galicia e tamén de países tan distantes como Francia, Xapón, Grecia, Italia, Corea do Sur ou Alemaña. Este campo de traballo desenvolverase en dúas quendas diferentes do mes de agosto: do 6 ao 17 e do 18 ao 29. A convocatoria para poder participar sairá publicada ao longo do mes de abril na páxina web de Xuventude. Os participantes terán que pa-



Imaxe de arquivo de varios mozos e mozas nun campamento de verán

gar 72 euros en concepto de inscrición, que se ingresarán no número de conta 2080-5355-64-3110033153 de Novagalicia Banco. Serán aloxados en tendas de campaña no propio albergue de Furelos, lugar onde se realizarán as comidas.

Babelia ten a inmersión lingüística por obxectivo princi-

pal e programará obradoiros e dinámicas para a xuventude e para determinados sectores profesionais co fin de incrementar o emprego das linguas estranxeiras. Tamén se farán actividades complementarias como escalada, ciclorutas en btt, xeocaching, kaiak ou rutas polo Camiño de Santiago.

FOTO-DENUNCIA

Carreira con obstáculos



É frecuente que os xestores dos nosos impostos caian en contradicións. Asistimos a unha máis; aquela na que por unha banda se tenden pontes entre municipios, se impulsan consorcios e ata fusións, e por outra se descoidan os elementos máis básicos de comunicación entre eles como son as estradas. A que une o concello de Melide, dende a Marta-

gona, co de Toques está nun estado impracticable. Hai moitos tramos nos que as fochas son tan profundas que supoñen un perigo para a condución e para integridade do vehículo, sendo preciso parar e reanudar a marcha con precaución para non danalo. A reparación desta vía e unha necesidade urxente que non pode esperar máis tempo.

Outro capítulo máis no gran libro dos veciños

A Biblioteca de Melide cumpre trinta e cinco anos ao servizo da veciñanza

O 6 de xuño de 1977 creouse a Biblioteca Pública Municipal. O que hoxe en día é un servizo asentado que xestiona unha media de 11.000 préstamos ao ano e que utilizan máis de 3.400 socios de toda a comarca, era daquela, nos días grises posteriores a ditadura, unha caste de experimento e novidade que resultaba descoñecido para a meirande parte dos melidenses.

Houbo que facer pedagogía, crear cultura lectora e derribar os mitos que erixían as bibliotecas en catedrais do silencio reservadas para eruditos. Foi unha cuestión de fe que no caso de Melide deu resultado. Nos cimentos do proxecto fi-

guran os nomes de Xosé Reinoso Carreira, Fernando Somoza e Xosé Hermida, tres mestres xubilados que catalogaron de forma voluntaria os 3.000 volumes cos que a biblioteca botou a andar. Trinta e cinco anos despois, as instalacións mudaron dos baixos do Concello ao Edificio Multiusos e os volumes iniciais aumentaron ata os 21.000. Xestiónaos Ánxela López, que leva 33 anos á fronte da biblioteca e viu como foi medrando ao longo do tempo.

O servizo acada agora a plena madurez e faino con boa saúde. 2012 semella ser un ano de noticias excelentes para a biblioteca municipal: en breve terá dúas novas salas, acaba de recibir unha valiosísima doazón de libros dos Padres Pasionistas e ganou por terceira vez na súa historia o prestixioso premio María Moliner que concede o Ministerio de Cultura. Sen dúbida, uns regalos merecidos para un aniversario especial.



Contacontos no Día Internacional do Libro Infantil



Dúas das xoias bibliográficas da biblioteca: a 1ª edición de "Terra de Melide", de 1933, e un diccionario da RAE de 1869

ÁNXELA LÓPEZ, DIRECTORA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Ten paixón polos libros e a capacidade de saber transmitila a quen a escoita. A biblioteca municipal caeu nas súas mans cando aínda estaba en cueiros e soubo facer dela, ao longo de máis de tres décadas de profesión, o referente cultural que é hoxe en día.

Os catálogos, as coleccións, os préstamos, as novelas, e os manuais forman parten do universo de Ánxela López; un espazo feito á súa medida, no que se sente cómoda e dende o que repasa para CERNE os 35 anos de historia da Biblioteca Pública de Melide.

-Trinta e cinco anos xa son unha longa andaina...

-Son poucos anos na vida dun pobo pero moitos para unha biblioteca; máis de tres décadas xuntando traballos, documentos, volumes e facendo actividades para animar a ler e a usar a biblioteca con liberdade. Fomos un centro pioneiro que sempre traballou tendo presente ao lector.

-A que se refire cando fala de centro pioneiro?

-Cando botou a andar, nos primeiros anos da democracia, representaba un concepto novo de biblioteca, a de préstamo e consulta. As poucas que había daquela acollían fondos que lles foran doados pero só abrían en momentos puntuais. En realidade non funcionaban como o que hoxe en día entendemos por biblioteca. A de Melide si.

-Tamén foi pioneira co galego.

-Si. Dos 3.000 volumes cos que comezamos a funcionar, 500 estaban en galego. O concello tivo a sensibilidade de mercar o que había daquela para incorporalo ao fondo. Recordo unhas traducións pésimas dos cómics de Asterix e Obelix. Non estaban ben feitas pero xogaron un papel importante naquel momento.

-Foron difíciles os primeiros anos?

-Moito. Chegou un punto no que pensamos que había que parar. Houbo que facer un importante labor de pedagogía; ensinando como funcionaba a biblioteca e o proveito que se podía sacar dela. Fixemos actividades para adultos e non nos cansamos de invitar colexios. Tamén nos custou moito desterrar a idea de que as bibliotecas eran santuarios nos que nada se podía tocar. Eu sempre digo que aquí se presta todo menos a bibliotecaria,



Ánxela López leva 33 anos á fronte da biblioteca municipal

polo menos de momento. (Ri)

-Como está agora a saúde lectora de Melide?

-Moi ben. No ano 2011 houbo 10.960 préstamos só de libros e temos 3.400 socios de toda a comarca. Agora mesmo está medrando moito a demanda de produtos multimedia, sobre todo para a formación dos máis pequenos. De todos xeitos a literatura segue sendo o que máis se pide.

-Como vai a catalogación da obra dos Padres Pasionistas?

-Con entusiasmo, pero lenta. Vai haber unha ampliación do local e queremos facer unha exposición para que a xente a coñeza. Temos intención de tela lista antes do verán pero non sei se seremos capaces. De todas formas, parte da obra máis actual xa está dispoñible para o préstamo.

-Que tipo de títulos contén o fondo?

-Moi variados. É unha colección que abrangue libros publicados dende 1850 ata 2010, algúns moi valiosos como un exemplar de Follas Novas do

ano 1931. Contén títulos en francés, alemán e outros idiomas e toda a obra completa de Zola, de Dostoievski... Foi un bo regalo de aniversario.

-Ao igual que o premio María Moliner, que xa ganaron en tres ocasións.

-No 2002, no 2007 e agora no 2012 por un proxecto de animación á lectura que contemplou a integración de nenos inmigrantes e a colaboración con colectivos da vila. A recompensa son 200 títulos de literatura contemporánea xuvenil en castelán.

-Que é o máis difícil e o máis satisfactorio no día a día do seu traballo?

-O máis difícil é facerlle ver aos que gobernan que na biblioteca non vota moita xente pero si que a usan miles de persoas. Eu sei que os políticos de Melide me entenden pero este é un servizo ao que se lle podía quitar moito máis proveito. O máis satisfactorio é que aquí a xente sempre entra contenta porque non ten que pagar (Ri). Cando está cabreada xa vai protestar a outros servizos do concello (Ri).

Ferramentas para todos no IES

En tempos de crise, mercar unha caixa de ferramentas para traballar a madeira pode supoñer un esforzo imposible de asumir aínda que sexa necesario para iniciar uns estudos nos que hai postas moitas ilusións. Tal caso repítese ano tras ano no Ciclo da Madeira do IES de Melide, xa que non todos os alumnos poden afrontar o custo do que é o seu material escolar.

O problema, porén, atopou solución para os próximos dous cursos grazas ao convenio asinado entre o instituto e Ferretería Noguero, polo que a empresa local aportará material valorado en 800 euros. A achega realizarase en dúas veces: 400 euros este ano e 400 o que vén.

O acordo foi asinado no propio taller do Ciclo da Madeira e sobre unha mesa de carpinteiro. Detrás dela o mestre Javier Iglesias ratificaba que o material servirá “para apoiar aos rapaces que non poidan mercar as súas ferramentas”. Ao mesmo tempo recordaba que Ferretería Noguero “non



Fernando Garea e Javier Iglesias momentos despois da sinatura

pediu ningún tipo de contraprestación” e facía unha chamada ao resto de empresas da comarca relacionadas co sector: “oxalá lles dea envexa e aparezan axiña por aquí”.

O convenio ten un segunda parte que permitirá aos alumnos que estuden o ciclo da madeira beneficiarse de descontos nas ferramentas que merquen, a título privado, en

Ferretería Noguero. Só terán que presentar o carné do instituto e accederán a rebaixas “nas mellores condicións posibles”, segundo indicou Fernando Garea, xerente da ferretería. Garea comprometeuse ademais “a facer de enlace” entre o instituto e os seus clientes para que os alumnos poidan facer prácticas nas empresas da comarca.

O concello ten dúbidas sobre a continuidade da radio pública municipal

O pagamento da débeda acumulada ata decembro de 2011 deixou as arcas do concello de Melide cunha capacidade inversora mínima que pode ter consecuencias sobre a radio municipal. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, declarou no transcurso do último pleno ordinario que o concello “verá se é factible” continuar coa emisora municipal “porque o custo é altísimo e xera moi poucos ingresos”.

Vázquez sinalou que na actualidade se están a realizar unha serie de cambios na radio para adaptala á nova lei e que unha vez que rematen, á volta dun mes, se abordará a viabilidade da emisora. Barallárase a posibilidade de suprimir a emisión dos sábados, de reducila durante a semana só ás mañás e de introducir cambios na xestión do persoal.

A radio local foi tamén obxecto de debate polos seus contidos. O BNG presentou

unha moción solicitando que se acorde a intervención periódica dos voceiros dos diferentes grupos políticos. Socorro Cea, a representante nacionalista, recriminou ao executivo local a falta dun espazo para o debate de ideas: “dende que asumistes o goberno non tivemos a oportunidade de pisar a radio municipal. Antes había un espazo semanal para os tres grupos políticos pero agora desapareceu”.

A concelleira popular María Jesús López Mourón explicou que o equipo de goberno “non interfere para nada na programación que se emite” e engadiu que en ningún momento se vetou aos voceiros do PSOE e do BNG: “eu mesma, en calidade de voceira do PP, nunca intervíñ na radio municipal. Pola súa parte Ánxeles Vázquez matizou que “co bipartito eu estiven ata un ano sen falar na radio”. A moción foi rexeitada cos votos en contra do PP.



MELIDE

INMOBILIARIA MEDICIONES

¡¡APROVEITA AGORA!!

Regulariza a situación da túa casa, garaxe, establo, palleira, etc... ou calquera outra construción que non teñas licenza.

INFÓRMATE EN:

INMOBILIARIA MELIDE MEDICIONES

Ronda da Coruña, nº 68 Baixo Esq.
15800 Melide (A Coruña)
Teléfono 981 93 51 08

Luz verde para a execución do saneamento en Antonio Ponte

Os veciños e veciñas da rúa Antonio Ponte verán feita realidade unha vella demanda e contarán nos próximos meses coa rede de saneamento que viñan reivindicando dende hai anos. O pleno do concello aprobou por unanimidade destinar a esta obra unha partida económica que quedara sen consumir do plan de cooperación que a Deputación asinou cos concellos para o período 2008-2011.

Os traballos teñen un orzamento de 30.000 euros, dos que o Concello aportará 8.993 e a Deputación os 21.007 restantes. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, confirmou que, ante a imposibilidade de meter o saneamento pola vía pública, xa dispoñen das autorizacións dos veciños para pasar polas súas fincas. Destacou que con esta obra se lle dará continuidade ao saneamento do casco urbano. No período 2004-2007 Melide deixou sen consumir do Plan de Cooperación arredor de 200.000 euros.

“ESPACIO VINOS Y SENTIDOS”, viñoteca e propostas de catas de viños da distribuidora Casa Alongos

Desde que en maio de 2010, se presenta, no camiño de Santiago: “ENOLOXÍA NATURAL AO ALCANCE DE TODOS”, cunha cata de viños ecolóxicos e de colleiteiro de Galicia, Casa Alongos, vén desenvolvendo baixo o proxecto Vinos y Sentidos, distintas presentacións dos viños da súa distribuidora, para animar á participación no consumo e nas actividades de cata a xente que di “non entender de viños”.

En xuño de 2011 preséntase xa con este nome, Vinos y Sentidos, o que pretende ser unha cata diferenciada, con viños e algo máis, e por iso se incorpora con ocasión da presentación das novas colleitas e adegas, as composicións da cantante e artista multidisciplinar Cardigan Bridge, cancións inspiradas nalgúns dos viños desa cata, como Igrexario de Saiar, Corisca, Toalde e Demasiado Corazón.

Con este mesmo formato, preséntase Vinos y Sentidos na **Sala Ateneo no Forum Gastronómico de Santiago**, esta vez o título do taller é: “VIÑOS GALEGOS NATURAIS DE CASTES AUTÓCTONAS”, seleccionado de entre moitas propostas polos organizadores do Forum como un taller de cata de viños co que Casa Alongos intervén coas adegas Igrexario de Saiar, Eloi Lorenzo, Toalde e A Costiña. Neste taller estiveron os viticultores de cada unha das adegas mencionadas, así como os creadores gastronómicos Miguel Gil, da pastelería Doce, e Álex Pereira, do restaurante O Elefante. Este ta-



Presentación de Vinos y Sentidos no Forum Gastronómico

ller colleitou unha magnífica aceptación na Sala Ateneo, na que estiveron máis de 65 somelieres, hosteleiros e afeccionados que gozaron da fusión de viños, gastronomía e música o día 27 de febreiro.

O día 3 de marzo preséntase nas instalacións de Casa Alongos, no espazo Vinos y Sentidos, o viño de autor de Salvaterra de Miño “LUZ DE ESTRELLAS”. Este viño acompañouse dunha observación estelar dende o Camiño de Santiago conducida por **Jesús Pérez Bastos, presidente da Federación Galega de Astronomía e Radioastronomía, con adaptacións musicais de ARS NOVA JAZZ (grupo composto por Pilar Casares, Antonio Rebolo, Horacio Vilhar e Francisco Lúgrís) e performance de poesía e pintura, ideas orixinais da directora artística e musical deste grupo, PILAR CASARES MOZO**, configurando deste xeito un Vinos y Senti-

dos diferenciado ao incluír a Gastronomía sen G, e unha novidosa proposta de música, pintura e poesía feitas para a ocasión por dous dos componentes de Ars Nova Jazz, con Antonio Rebolo á pintura e Horacio Vilhar á poesía.

O día 23 de marzo, tras o paso pola **Sala Ambigú no Teatro Principal de Santiago** coa presentación das viticultoras Esther Teixeira, co viño DIEGO DE LEMOS (Ribeira Sacra D.O.), e Natalia Rodríguez co viño CORISCA das Rías Baixas. **Con motivo do concerto “Palabra de Muller”, Casa Alongos participou o día 27 no café pastelería La Esquina, de Arzúa, con catas dos viños de Valdeorras, Memoria de Ventura, con ocasión das xornadas que este café-confitería leva a cabo baixo o título: “Os venres imos de viños en Arzúa”.**

Despois dun mes intenso, a distribuidora remata o mes de marzo coa presentación, o



Presentación do viño Luz de Estrelas en Casa Alongos

día 31, da proposta creada pola distribuidora, **EL VINO EN ROSA (Vinos y Sentidos)** en Madame Chocó, en Melide, cata da colleita 2011, do viño AROA LARROSA, rosado ecolóxico de Navarra que se presenta neste local de Melide, cunha fondue de chocolate, fresas e distintas versións musicais de “La vie en rose”.

- Os próximos talleres de Vinos y Sentidos previstos:

Día 17 de abril: A Viña de Xabi, viñoteca de Santiago no que se realizará o taller titulado “NOITES DE VIÑO”, co que se pretende facer unha aposta polo viño como copa para despois de cear, viños naturais refrescantes, sans e económicos para acompañar as veladas nocturnas.

Día 25 de abril: na Bodeguilla de San Lázaro, baixo o título “VIÑOS DO CEO”, no que se catarán, con sesión de astronomía posterior, os viños Luz de Estrelas, de Salvaterra de

Miño, e Kirios Noche, de Ribera del Duero, dous viños feitos segundo as técnicas de viticultura biodinámica.

Día 22 de abril: Casa Alongos participa no Salón da Voda de Melide con propostas suxerentes para os noivos, vodas de prata e ouro, como “ELIXE O TEU VIÑO”, con catas particulares para noivos e familias, así como agasallos para os convidados como o licor artesán de Casa Alongos de pequenos froitos e outros tradicionais como o licor de café, de herbas e crema.

Para quen queira degustar e sentir propostas diferentes, en Casa Alongos dispoñen do “**Espacio Vinos y Sentidos**”, unha viñoteca, nun ambiente tranquilo e natural, na que se poden degustar e mercar os viños e licores referenciados nesta distribuidora. Atópase situada no kilómetro 51 do Camiño de Santiago ao seu paso por Melide, en paralelo á Avenida de Lugo.



viños, licores e produtos ecolóxicos

Camiño Vello de Santiago, s/n
15800 Melide (A Coruña)
Tfno / Fax: 981 506 392
Móviles: 619 229 334 / 686 312 851
www.casaalongos.com
info@casaalongos.com

A Xunta autorizará máis batidas para reducir os danos que causa o xabarín

Nos últimos anos non deixaron de aumentar as queixas de particulares e asociacións en relación cos danos provocados polo xabarín. Entre os colectivos máis afectados están os agricultores, que xa manifestaron a súa indignación en repetidas ocasións ao ver como as súas colleitas son estragadas unha e outra vez polo porco bravo sen poder tomar ningún tipo de medida nin recibir compensacións. Por outra banda, as queixas chegan tamén por parte dos condutores, xa que é moi frecuente que o xabarín provoque accidentes de tráfico ao cruzar todo tipo de estradas, incluídas autovías e autopistas.

As queixas levan tempo canalizándose a través dos concellos á Xunta de Galicia, que decidiu tomar cartas no asunto e anunciou que reforzará as medidas para controlar a poboación do xabarín e minimizar o impacto que ten esta especie sobre os cultivos agrícolas e a seguridade viaria. Neste sentido, unha das primeiras actuacións irá encamiñada a aumentar o número de permisos para a realización de batidas. A Xunta considera que a solución ao problema pasa por incrementar os per-



Os xabaríns cruzan a estrada e provocan accidentes

misos de caza. Xustifica a súa decisión nos informes do departamento de Conservación da Natureza, que detectan unha “superpoboación” desta especie e recomentan “reforzar as medidas de control”.

Batidas e accidentes

Calcúlase que corren polos montes galegos uns 40.000 xabaríns. Cada ano son abatidos o 17,5%, uns 7.000 animais. Na última temporada, porén, a captura desta especie aumentou case un 20% e foron cazados máis de 13.000 porcos bravos en todo o territorio de Galicia. O incremento no número de batidas tradu-

ciuse nun descenso dos accidentes de circulación provocados por este animal. Segundo datos da Dirección General de Tráfico, no ano 2010 rexistráronse 1.237 sinistros causados polo xabarín. No 2011 contabilizáronse 719, unha caída superior ao 40%.

No eido da agricultura, estimábase que o 7% do millo galego queda estragado cada ano pola acción do porco bravo. O sindicato Unións Agrarias calcula que isto orixina unhas perdas superiores aos 6 millóns de euros, perdas que ascenden ata os 7,5 millóns ao sumárenlles os danos causados nos prados e noutros cultivos.

Os eucaliptos da comarca recibirán tratamento contra a praga do gurgullo

A Xunta de Galicia tenlle a batalla declarada ao “Gonipterus Scutellatus”, un insecto coñecido comunmente como gurgullo do eucalipto. Para evitar que continúe a propagarse e co obxectivo de mellorar a produtividade das masas arbóreas, a Consellería de Medio Ambiente iniciará no presente mes de abril unha campaña de tratamento dos eucaliptos en todo o territorio galego. A actuación consistirá en fumigar as plantacións dende o aire con produtos químicos, unha tarefa para a que se empregarán medios aéreos.

Os propietarios que queiran fumigar os seus eucaliptais deberán firmar previamente un documento autorizando á Xunta a realizar os traballos. As autorizacións poden tramitarse nos concellos, onde tamén se aportará toda a



O gurgullo ataca especialmente os brotes do eucalipto

información sobre esta campaña de “sanidade vexetal”, como é denominada polos seus promotores.

Os propietarios deberán levar ao correspondente concello o número de parcela, paraxe ou polígono e a superficie

en hectáreas de cada finca plantada con eucaliptos. Dado que os traballos contra o gurgullo comezarán de xeito inminente, é aconsellable acudir o antes posible aos concellos para realizar os trámites previos necesarios.

Os concellos que soliciten servizos conxuntamente terán certos privilexios

Os plans de cooperación da Xunta de Galicia coas entidades locais primarán este ano por primeira vez a aqueles concellos limítrofes que decidan coordinar as súas solicitudes. En concreto, os gobernos municipais que soliciten servizos mancomunados verán incrementado o seu número mínimo de contratacións e terán puntuación adicional nos criterios de valoración.

Os plans de cooperación teñen por obxectivo a contratación temporal e a formación de parados para facilitar a súa posterior inserción laboral. Coa introdución dos novos criterios que priman aos concellos que actúen conxuntamente, A Dirección Xeral de Promoción do Emprego considera que se está a potenciar “de forma pioneira” a colaboración de concellos na prestación de servizos “tanto no eido social como no laboral”.

A responsable deste departamento autonómico, Amparo González, explicou que cada

concello conta cun mínimo de contratacións en función do seu número de habitantes e que cando soliciten servizos mancomunados, esa axuda mínima vaise ver incrementada nunha contratación adicional. Ademais establécese un novo criterio de valoración que outorgará 10 puntos extra ás solicitudes coordinadas.

Segundo datos da Xunta de Galicia, o ano pasado as axudas dos plans de cooperación favoreceron a contratación de máis de 2.300 persoas na provincia da Coruña, das que preto de 200 desenvolveron o seu labor nos Grupos Municipais de Intervención Rápida (Grumir).

Os plans ofrecen unha atención especial aos colectivos con maiores dificultades para atopar traballo: mulleres, menores de 30 anos, desempregados maiores de 45, persoas con discapacidade e desempregados de longa duración ou que esgotaran todas as prestacións e subsidios.

Santiso atopa fondos para o saneamento de Visantoña

O Concello de Santiso recibiu recentemente unha grata sorpresa cando chegou á casa consistorial unha circular da Deputación da Coruña comunicando que había unha partida económica do Plan de Cooperación cos Concellos 2008-2011 que o municipio tiña sen consumir. Trátase de 154.541 euros que corresponden á última anualidade dese plan e que o concello decidiu investir na rede de saneamento de Visantoña.

O custo dos traballos ascenderá a 162.675 euros, polo que o concello deberá aportar outros 8.134 para completar a achega da Deputación. Segundo o alcalde do municipio, Fernando Suárez (PSOE), foi preciso modificar o proxecto para evitar que os rexistros da rede de saneamento quedasen no medio das fincas. Isto, sinala, elevou o custo do plan. O PP asegura descoñecer de onde procede esa cantidade de cartos “porque a contribución anual do Plan de Cooperación era de 101.000 euros”, decla-

rou o portavoz popular Ovidio Leiva. Malia as discrepancias, a proposta foi aprobada por unanimidade dos grupos políticos no derradeiro pleno.

Outro dos puntos de debate da sesión foi o estado da área recreativa da Cornella. O grupo popular solicitou o arranxo dos farois que permanecen tirados dende hai varios meses na illa que hai no medio do río e pediu que se acendan as lámpadas durante toda a noite en tempo de verán “porque vai moita xente cear e teñen que levar os seus propios sistemas de iluminación”, sinalou a concelleira Matilde Pallares. O alcalde, Fernando Suárez, asegurou que “non hai problema” en mantelas acesas máis tempo pero mostrouse reticente a reparalas “porque o río lévaas todos os anos”. Suárez aludiu tamén ao perigo que supón ter unha liña eléctrica avariada en contacto coa auga. Amosouse partidario de retirar os farois porque, ao seu xuízo, “volver a poñelos é coma quen tira os cartos”.

FALA A OPOSICIÓN: AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE TOQUES

“A Rede Natura é coma un sistema feudal, para certas empresas o solo nunca estivo protexido”

O xornal CERNE inicia neste número de abril unha serie de entrevistas especiais coas que se pretende dar voz a todos os grupos políticos da oposición dos concellos da Terra de Melide, teñan ou non representación nas corporacións. Ao longo dos próximos seis meses, “Fala a oposición” traerá a estas páxinas as inquedanzas, críticas, reflexións e propostas de partidos

políticos de todas as cores, converténdoo así no altafalante da poboación da comarca á que representan. Na primeira entrevista, a Agrupación Socialista de Toques valora a xestión do goberno de PP e XCPT e aborda o polémico proxecto de ampliación da Rede Natura 2000 e as súas consecuencias para o concello. Plácido Carballo e Cruz Bande toman a palabra.

-Cal cren que é o principal problema de Toques a día de hoxe?

-Plácido Carballo (P.C.): a ampliación da Rede Natura. Alguén se debe estar aproveitando das vantaxes que supostamente implica porque dende a súa creación os veciños afectados non viron ningún tipo de beneficio nin recibiron ningunha subvención. O único que trouxo foron prexuízos.

- Cruz Bande (C.B.): A ampliación proxectada deixaría máis do 60% da superficie do municipio baixo esta figura ambiental. Un concello agrícola coma Toques non pode permitirse iso. Suporía un mazazo para o seu futuro.

- P.C.: Leva o nome de espazo protexido pero non o é para todos por igual. A xente percibe que a Rede Natura vai só en contra dos agricultores porque para certas empresas como Endesa ou Unión Fenosa o solo non está protexido. Quen conservou ata agora o terreo? Os políticos ou a xente que vive nel? O que había era que preservalos das grandes empresas que montan cousas pouco naturais.

-A que se refire?

-P.C.: A Rede Natura non se aplicou na Serra do Careón ata que se instalaban os muíños de vento. Mentres iso non aconteceu, estivo parada. Logo aprobárona e ao agricultor fálanlle de “usos y costumbres”, e con iso refírense a cortar o toxo cunha fouciña, como hai 40 anos. Isto parece a época feudal: os castelos na cima do monte e os de abaixo, co xugo posto, sen poder facer nada. Alguén ten que explicar cara a onde nos dirixe isto. Nese sentido, a administración local debería desenvolver un papel moito máis activo.



Plácido Carballo e Cruz Bande na redacción de Cerne

-Cren que o equipo de goberno non se está implicando suficientemente?

-C.B.: Manteñen unha actitude pasiva e as iniciativas levadas a cabo ata o momento son claramente insuficientes. Dubidamos que un simple acordo plenario poida servir como medio de presión para paralizar o proxecto. Promoveron unha recollida de firmas de maneira bastante caótica e desorganizada. De feito só xuntaron pouco máis de 400 sinaturas cando estou segura de que poderían conseguir as do 100% da poboación, porque os veciños ven a ampliación como algo negativo.

- Ao seu xuízo, que pasos se deberían dar?

C.B.: É urxente que se organicen charlas informativas. Os veciños teñen unha falta de información absoluta. Descoñe-

mos o tipo de movementos que están facendo dende a administración local e se mantiveron entrevistas con algún representante político para falar do tema. Demandamos que se poñan á fronte e que os veciños sintan que alguén os está defendendo.

-Nas últimas semanas púxose en marcha o Consorcio da Montaña. Cren necesario que Toques se integre nel?

-C.B.: Sempre fomos partidarios de compartir servizos. Xa se fixo con Boimorto na recollida de lixo. Compartir servizos é facer unha boa xestión económica e os veciños seguirían estando ben atendidos.

- P.C.: O que non pode ser é crear servizos que logo non valen para nada. Os que haxa teñen que funcionar ben. Non é

de recibo ter puntos limpos en todos os currunchos se non funciona ningún deles. Nin facer foxas sépticas e seguir botando a auga sucia ao río porque non funcionan. É unha cuestión de xestión.

-Como valoran a posibilidade dunha fusión cos concellos veciños?

-P. C.: Eu son partidario de reducir a administración local, pero non de fusionar concellos. En Madrid sempre falan de provincias, e con isto xa digo todo. O pequeno sempre leva as de perder. Todo se pinta moi bonito pero logo a realidade é moi diferente e no canto de fusións, resultan ser absorcións. Temo que nos fagan retroceder ao tempo no que había zonas de primeira e zonas de segunda.

- C.B.: Non se está falando de fusións dunha forma seria.

Decídense en función da cor política, como se fose algo que sae adiante entre dúas ou máis persoas porque son colegas. Non aceptaríamos algo así para Toques. As fusións requiren estudos serios e profundos e a partir de aí poderíase empezar a falar do tema. Hoxe por hoxe somos partidarios de darlle un papel real ás comarcas, algo que nunca se chegou a facer, para que de verdade sexan operativas.

- P.C.: Se o día de mañá hai unha fusión con Melide e levan os nenos de Toques para os seus centros escolares, non é seguro que vaian aumentar o número de aulas nin de profesores nun contexto de crise e de recortes. Entón a situación empeoraría. Só se conseguiría facer máis bulto e os problemas soluciónanse facendo cousas, non bultos.

-A piques de cumprirse un ano da toma de posesión do novo goberno local, que valoración fan da súa xestión?

-C.B.: percibimos unha parálise total. Non se lles comunican aos veciños as actuacións que se están a facer. Non sabemos, por exemplo, se houbo algunha xestión sobre o polígono industrial, que era o proxecto estrela de Xuntos Cara ao Progreso de Toques, que está hoxe no equipo de goberno. O máis destacado que fixo foron unhas declaracións nas que propoñía venderlle auga a Melide. Aparentemente está todo paralizado. O turismo foi un dos piares do grupo do PP pero segue sen poñerse en marcha o albergue e tampouco se fixo ningunha actuación relevante nese eido. Limitáronse a manter os servizos que xa había e as actividades que puxemos en marcha nós no goberno anterior.

A XXI Feira do Queixo de Palas reunirá máis de 100 expositores

A XXI Feira do Queixo Arzúa-Ulloa e Feira Multisectorial celebrarase este ano en Palas de Rei, os días 14 e 15 de abril, coa participación de máis de cen expositores dedicados a produtos agroalimentarios, enerxías renovables, agroindustria e artesanía.

A mostra, que cada ano se celebra nun dos tres concellos da comarca da Ulloa, naceu no ano 1991 dedicada exclusivamente ao queixo e co paso dos anos foi introducindo novidades relacionadas cos eidos da ecoloxía e a artesanía tradicional galega. Agora chega á súa vixésimo primeira edición convertida nun evento que é, ao mesmo tempo, un instrumento de difusión dos produtos da comarca e un punto de encontro para que agricultores e gandeiros poidan coñecer os últimos adiantos tecnolóxicos.

Tradición e modernidade

Durante dous días os principais escenarios onde se desenvolverá a mostra, a Praza do Concello e a Praza de Galicia, acollerán máis de 100 stands englobados en catro grandes sectores. O primeiro deles é o referido ao queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa e a outros produtos alimentarios típicos da zona, como é o pan da comarca da Ulloa.

O segundo gran sector da mostra é o dedicado á agroindustria, no que terán cabida cooperativas agrarias, comerciais veterinarias e empresas de maquinaria, novas sementes e fertilizantes. Neste eido a mostra aspira a converterse nun punto de encontro no que

os profesionais do campo poidan atopar as últimas novidades tecnolóxicas e poñerse ao día nos novos sistemas de traballo. A feira multisectorial tamén contará cun apartado no que as enerxías renovables e a construción sostible serán as protagonistas.

Por outra banda a artesanía, que sempre tivo un papel destacado, estará representada por artesáns da madeira, da forxa, do coiro, da ourivería, da cerámica ou do téxtil chegados de toda Galicia.

Ademais, durante os días de celebración da feira terá lugar un concurso de tapas a base de queixo Arzúa-Ulloa no que participarán establecementos de Palas de Rei. Serán avaliadas por un xurado profesional e o fallo darase a coñecer o 15 de abril. Tamén haberá actuacións musicais.

Novos comendadores

No marco da feira creouse, hai tres anos, a Encomenda do Queixo, unha caste de asociación formada por comendadores que ten a función de dar a coñecer, o máis lonxe posible, as cualidades do queixo da Ulloa en todas as súas vertentes. Este ano os promotores da mostra nomearán dous novos comendadores; trátase dos empresarios de Palas de Rei Horacio García García, propietario das granxas avícolas Campomaor, e Jesús Manuel Graña, responsable do grupo Jim Sports que fabricou as porterías para a Masía do FC Barcelona e comercializa material deportivo en numerosos países do mundo.

Saída do alcalde

Estimados veciños/as e visitantes:

Un ano máis a nosa comarca celebra a Feira do Queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa. É para min unha satisfacción que o concello que teño a honra de presidir, Palas de Rei, sexa o que acolla a vixésimo primeira edición dunha das festasmáis enraizadas e xenuínas da contorna.

A feira do queixo Arzúa-Ulloa comezou a celebrarse en 1991. Ao longo dos últimos anos logrou conxugar o respecto pola tradición cunha renovación constante que a converte hoxe en día nun magnífico escaparate dos sectores máis representativos da nosa comarca: o queixo, a industria agrícola, as enerxías renovables e a artesanía. Son catro piares sobre os que se asenta o futuro da comarca da Ulloa que terán unha ampla representación os días 14 e 15 de abril nos máis de 100 stands que participarán na presente edición da feira.

Todos eles forman un conxunto que nos define, do que estamos orgullosos e que debemos mostrar ao mundo. É por iso que quería expresar a miña gratitude ás dúas persoas que serán nomeadas este ano novos comendadores do queixo da Ulloa: Don Horacio García, propietario das granxas avícolas Campomaor, e Jesús Manuel Graña, responsable do grupo Jim Sports. Eles contribuirán sen dúbida a que a nosa comarca sexa máis grande no mundo.

Non podo esquecer tampouco a todos os veciños e veciñas, empresas, asociacións e institucións que co seu esforzo e traballo contribuíron para que a XXI Feira do Queixo Arzúa-Ulloa sexa todo un éxito.

Fágolles chegar a través destas liñas, en nome da veciñanza de Palas de Rei, unha calorosa invitación e o desexo de que gocen do atractivo da Feira do Queixo todas aquelas persoas que decidan visitarnos.

Pablo Taboada Camoira
Alcalde do Concello de Palas de Rei



PENSIÓN VILARIÑO



AVDA COMPOSTELA, 16
PALAS DE REI (LUGO)

TEL.: 982 38 01 52
FAX.: 982 38 09 73

pensionvilarino@gmail.com
www.pensionvilarino.es.tl

Centro Fisioterapia OUTEIRO



- * Fisioterapia
- * Estética
- * Spa
- * Balneoterapia

Tfno.: 982 380 202
fisiospaouteiro@gmail.com

Avda. Compostela, 15, baixo
Palas de Rei (Lugo)

XXI FEIRA DO QUEIXO



D.O.P. ARZÚA-ULLOA ...E MOSTRA MULTISECTORIAL



PALAS DE REI 14-15 ABRIL 2012

 **CONCELLO DE PALAS DE REI**

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA



 **ACIPA**

 **Arzúa Ulla**

 **CONCELLO DE MONTERROSO**

 **CONCELLO DE ANTAS DE ULLA**

IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Centro da vila



Praza do Convento

cafetería Cervecería stop
Calle Canaleja, 1 - MELIDE

Desayunos:

- 1 Café con leche doble, chupito de zumo de naranja natural natural y croissant total: 1,50 €
- 2 Café con leche doble, tostada de pan artesano o buñolito, chupito de zumo de naranja natural: 1,20 €
- 3 Café con leche doble, tostada de pan artesano o buñolito y zumo de naranja natural grande: 1,80 €

50º ANIVERSARIO
Pulpería EZEQUIEL
a todos

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Tfno./Fax: 981 50 32 91
Móvil: 686 38 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Pulpería
A Ginebra

Móvil: 605 883 268
Camión Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garachameide@gmail.com

CASA DE LOS SOMOZA
TURISMO RURAL

CASA DE LOS SOMOZA

Tfno./Fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 39 20 90
Coto - Leboeira - MELIDE (A Coruña)

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - MENÚS

Tfno.: 981 50 70 06
Calle de San Roque, 1
15800 MELIDE (A Coruña)

RESTAURANTE - PULPERIA
Alfonso II

Especialidade en
caldos de legumes e verduras
desde 1907

PULPERIA EZEQUIEL - PULPERIA A GINEBRA
CALLE DE LUGO, 48 - 15800 MELIDE (A CORUÑA)

Tel: 981 50 73 72
Móvil: 687 39 20 90

Ezequiel
eventos privados

Excelentes Menús, regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

CAFETERIA CHAPLIN

Platos combinados. pastas. caldo



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

A través del trabajo desarrollado durante más de 30 años, Química Proquintas ha evolucionado desde sus inicios pioneros en Galicia hasta asentar su actividad tanto en mercado nacional (incluido Canarias) como internacional.

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES:

Limpiadores y detergentes específicos
Abrillantadores
Ambientadores
Desengrasantes
Higiene personal



AUTOMOCIÓN:

Anticongelante
Abrillantadores de carrocerías
Decapantes de pinturas
Desengrasantes y descarbonizantes
Desblocantes



MANTENIMIENTO INDUSTRIAL:

Aceites de Corte
Lubricantes
Desengrasantes
Imprimaciones anticorrosivas
Desoxidantes y pasivantes



CONSTRUCCIÓN:

Aditivos para hormigón y morteros
Desencofrantes
Impermeabilizantes
Selladores hidrófugos
Desincrustantes



AGROPECUARIO:

Raticidas
Detergentes
Desincrustante específico para salas de ordeño y lecherías



CELULOSA Y ACCESORIOS:

Higiénico Industrial
Bobinas
Manteles y servilletas
Carros de Limpieza
Dispensadores y Portarrollos



Nuestro catálogo está integrado por más de 100 productos cuyas formulaciones avalan la alta calidad reconocida por todo tipo de clientes. Un producto para cada necesidad.

INFORMACIÓN y VENTAS

TEL: 981.50.57.50 / FAX: 981.50.62.04
www.proquintas.com proquintassa@terra.es



Chega a Foliada, a gran festa da cultura

É unha das festas máis agardadas, congrega a centos de persoas chegadas de toda Galicia e non deixa de medrar cada ano que se celebra: a Foliada de Melide, organizada pola Asociación Cultural e Musical “O Castelo”, chega á súa oitava edición cun completo programa de actividades e actuacións que converterá a vila durante o 28 e o 29 de abril na capital galega da música e da cultura tradicional.

A primeira xornada comezará cun dos pratos fortes da programación, o concurso Cantos de Taberna. Participarán 16 agrupacións que dende as 12 da mañá, e durante tres horas, inundarán de sons os locais da zona dos viños. A entrega de premios será ás 15:00 na Praza das Coles.

Xa pola tarde, a marcha gaiteira recorrerá as rúas da vila a partir das 19:00 horas e

servirá de preludio para o que é outra das sinais de identidade da Foliada; o serán. Dende as oito da tarde a Praza das Coles volverá ser o espazo ideal para unha velada de música e baile tradicionais amenizada por 21 agrupacións, 10 delas da Terra de Melide. No mesmo escenario poñerase o broche final á primeira xornada da Foliada co concerto, a partir da 1:30, de Pepe Vaamonde Grupo e Ce Orquestra Pantasma (home orquestra).

O domingo terá lugar outra das actuacións estrela desta edición, a de Odaiko Percussion Group ás 20:00 horas na Praza das Coles. A xornada acollerá tamén a presentación da Banda de Gaitas da Terra de Melide, ás 13:00 na Praza do Convento. Pola tarde, ás 17:30 haberá espazo para a maxia, que chegará á Capela de Santo Antón da man do

Mago Román, e o seu espectáculo “Nanomaxias”.

A programación completa-rase cunha infinidade de actividades que non deixarán tempo para o aburrimiento: mostras de artesanía e oficios, animación de rúa con xigantes e cabezudos, seminarios e xogos populares formarán parte tamén da Foliada de Melide.

Xente Cativa

Co obxectivo de achegar os mais pequenos á programación da Foliada, a organización decidiu convocar a primeira edición do concurso de debuxo infantil “Xente Cativa”, dirixido ao alumnado de todos os colexios da comarca. Os debuxos serán recollidos o 16 de abril para seren expostos durante a fin de semana da Foliada. Os premios entregaránse o domingo 29 ás 18:30 na Capela de Santo Antón.



Durante dous días as rúas de Melide son unha festa continua

Promoción en You Tube con actores locais

A Praza do Convento, tan acostumada a ser plató de rodaxe, rescatou o pasado 25 de marzo o son da claqueta e o rebumbio dos extras. Medio cento de persoas acudiron á chamada dos organizadores da Foliada para participar na rodaxe dun anuncio co que se pretende dar maior difusión ao evento a través de internet.

A escena gravada na Praza do Convento, que recrea unha gran festa, é o colofón final para un guión elaborado pola Asociación O Castelo no que se conta a través dunha personaxe protagonista como a algarabía da Foliada fai revivir o corpo e a mente de calquera. O vídeo xa se pode ver en You Tube e en foliadamelide.com



Os “extras” tocaron e bailaron para recrear un serán

Cantos de Taberna supera as expectativas ano tras ano

É unha iniciativa recente que vai aínda pola cuarta edición, pero sen dúbida estase a converter nun dos grandes atractivos da Foliada. O concurso Cantos de Taberna xurdiu tras unha visita de varios meliden-ses ao lugar de Espasante, na comarca de Ortigueira. Entre eles había membros da Asociación O Castelo aos que lles chamou a atención ver grupos de xente cantando de taberna en taberna. A idea gustou, colleu forma, e acabou por transformarse no concurso que é hoxe en día, unha iniciativa pioneira en Galicia, que rescata a tradición e que está a despertar moito interese. Mesmo foi obxecto recentemente dun artigo en culturagalega.org.

O éxito de Cantos de Taberna é tal que na presente edición se cubriu a cota de grupos participantes, dezaseis

en total, moito antes de pechar o prazo de inscrición: “moita xente que participou en edicións anteriores chama a principios de ano para que lle reservemos un oco. Antes de abrir a inscrición, xa temos a metade das prazas cubertas”, comenta Miki Varela, membro da organización.

Os inicios, pola contra, non foron tan doados: “o primeiro ano houbo 12 grupos e custou buscalos. Tivemos que chamalos e convencelos de que lles ía gustar”. Pero as cousas mudaron ben axiña e despois de catro anos Miki Varela recoñece que “se quixeramos aumentar as prazas, non habería problema”, algo que non sucederá porque Cantos de Taberna ten un número limitado de participantes “para favorecer que o concurso sexa operativo e dinámico”.



MELIMATICA
A TÚA TENDA DE INFORMÁTICA

- Asistencia técnica a empresas e particulares
- Servizo técnico a domicilio
- Imaxe, son e telefonía
- Mantemento de redes
- Recuperación de datos
- Cursos de informática

C/ Otero Pedrayo 6 Baixo, Melide - 15800 (A Coruña)
Tfno / Fax: 981 50 78 81 - www.melimatica.com
melimaticasl@melimatica.com - info@melimatica.com



Pilar Costoya Vázquez

Rambla de
San Pablo, 72 B

15800 MELIDE
(A Coruña)

Teléfono:
636 586 324



**8 FOLLADA
DE
MELIDE**

28-29 abril 2012

**PEPE
VAAMONDE
GRUPO**

ODAIKO
PERCUSSION GROUP

**CÉ ORQUESTRA
PANTASMA**
[HOME ORQUESTRA]


**CANTOS DE
TABERNA
MARCHA
GAITEIRA
SERÁN**

**ARTESANÍA / OBRADOIROS
ANIMACIÓN DE RÚA / MAXIA**

© creación animal

www.foliadamelide.com
foliadamelide@gmail.com

ORGANIZA


COLABORA


PATROCINA
 **CONCELLO
DE MELIDE**
 **DEPUTACIÓN
DE PONTEVEDRA**

Un lugar de terra doce con sabor a xarope

Entre as marcas de identidade de Melide tamén hai olores. Nada máis atravesar a porta de Casa Estilo percíbese un arrecendo difícil de identificar. É cálido e doce, contén o aroma da tradición e a esencia dunha cultura reposteira que se foi forxando na vila ao longo de décadas. “O ulido dos ricos é inconfundible”, comenta Alberto Rodríguez Fondevila ao tempo que aparece por detrás do mostrador e mira de esguello o forno que acaba de acender. O que se coce dentro é máis ca un doce; é un bocado da herdanza cultural cunha enorme proxección nos tempos novos.

Dende hai dous anos Alberto preside a asociación Melide Terra Doce, creada para “darlle forma e impulso” ao que viñan facendo dende sempre os pais, avós e bisavós dos reposteiros actuais: melindres, ricos e amendoados cunhas características e un sabor singulares. “Hai anos había sete casas melindreiras en Melide. Agora hai catro. Non sei se é unha involución ou un punto de partida, pero o certo é que houbo relevo xeracional e iso é moi importante”, apunta Alberto como representante da quinta xeración de melindreiros na súa familia. Son mans novas as que amasan. Na Casa Estilo, na Panadería Tahona, na Pastelería Trisquel, na Casa



Na derradeira Festa do Melindre despachouse unha tonelada de doces tradicionais

Melchora. E danlle xeito.

A sabía nova trae forza e a intención de poñer en valor os doces típicos da comarca. O primeiro recoñecemento podería chegar a tempo para facer que a XXI Festa do Melindre se celebre por primeira vez, o próximo 13 de maio, baixo a distinción de “Festa de Interese Turístico Galego”. A documentación xa está procesada e só falta agardar aos derradeiros días de

abril para coñecer unha resolución que se prevé favorable e que “abriría as portas a promocións no eido nacional e internacional, feiras especializadas e subvencións”.

Sobre a mesa está tamén o proxecto de crear unha Marca de Calidade que, sen chegar á burocracia e ás esixencias dunha Denominación de Orixe Protexida, permitiría garantir as características propias do produto e evitar un instru-

sismo que, máis ca vender gato por lebre, vende rosquillas por melindres.

A intención última é conservar a pureza dunhas receitas que se foron transmitindo ao longo de xeracións durante séculos e nas que Alberto cre que reside tanto a explicación á pervivencia dos doces no tempo como éxito que teñen na actualidade: “a base da receita é a mesma de hai 150 anos e a miña intención é que

non cambie; por iso coidamos moito a maneira de traballar. Hai partes mecanizadas, como o amasado ou o enfeitado, pero a feitura é artesanal e cada melindre diferente”.

Casa Estilo leva case 45 anos aberta e no seu mostrador nunca falta un cesto con melindres, ricos e amendoados á venda. Con todo, ese non foi sempre o lugar natural destes doces típicos. Alberto insiste en que naceron nas casas da xente e durante moito tempo ocuparon un lugar de privilexio nas sobremesas das festas do San Roque, do San Xosé, do San Pedro e de calquera outra que se celebrase. Agora deu o salto a eventos mais grandes e o seu éxito cuantifícase en quilos: a derradeira festa do Melindre despachou unha tonelada de doces.

Os ricos seguen no forno (con 45 minutos abonda) e mentres o seu ulido impregna a conversa Alberto detalla a filosofía do negocio, tamén herdada de súa avoa: “mellor conservar en lugar fresco e seco ca botarlle química e aditivos”. A comercialización non é contraria á tradición e a tradición tampouco se leva mal coa modernidade. É por iso que na última edición do Forum Gastronómico de Santiago o Grupo Nove, integrado polos chefs máis prestixiosos de Galicia, se interesou por saber como traballan os reposteiros melidenses. “Eu de momento vexo moi complicado deconstruír un melindre, pero hai cousas que se poden facer. É unha liña de traballo que pode dar os seus froitos”.

Sen pechar as portas á innovación, a Asociación Melide Terra Doce céntrase tamén en transmitir a cativos e adolescentes as liñas mestras da repostería tradicional. En obradoiros nos colexios da vila e en campamentos no albergue de Furelos, elaboran melindres, ricos e amendoados “porque os maiores xa coñecen o produto, pero aos que veñen detrás témosllo que ensinar”. De seguro, esta tamén é unha boa receita.

Non se percibe ningún cheiro a queimado pero quizais pasou demasiado tempo para os ricos que se estaban facendo. Alberto apura o paso cara o forno e abre a porta... “aínda lles falta un pouco”.

Melindres, amendoados e ricos con esencia propia

Os seus nomes son coñecidos, as súas receitas antigas e o seu sabor leva ducias de anos nas sobremesas das nosas casas. Resulta difícil crer que unha simple rosquilla ou unha galleta teñan características de seu que as fan únicas, pero o certo é que as teñen e os doces de Melide poden presumir dunha esencia propia.

Alberto R. Fondevila, presidente da asociación Terra Doce, ten claro que coma o melindre de Melide non hai outro igual: “É unha rosquilla de xema de ovo, sen clara, que se caracteriza polo seu baño de almíbar. Faise noutras zonas de Galicia pero ningún é tan esponxoso ao gusto coma o noso”. Non hai parangón co melindre de Allariz, máis pe-

queno, de cor negra e moi duro. Tampouco é igual ca o de Silleda, que leva anís. Quizais sexa o amendoado, unha galleta de améndoas con clara e azucre, o irmán menos singular dos doces locais.

Pero, que é o rico? Na definición de Alberto Fondevila, o rico é, antes ca un doce, “un gran descoñecido”. O produto non goza de tanta fama e difusión coma os seus irmáns pero ten o privilexio de ser o único exclusivamente melidao: “melindres e amendoados hainos noutras partes de Galicia pero o rico non se atopa en ningún lado; non hai outro produto coma el”. Está feito de fariña, ovo, manteiga, anís e pel de limón. A súa consistencia é moi dura e quizais por iso e porque



Nos campamentos de verán tamén se aprende a facer melindres

“ten unha textura moi rara” custa “que á xente lle entre pola boca”. Mais unha vez que se proba, un rico tira por outro. O segredo está no seu sa-

bor “explosivo” e tamén na dureza, xa que “canto máis duro é, mellor sabe”. Recomendación de experto. É momento de coñecer o gran descoñecido.

O piloto melidense Alberto Otero dá a sorpresa e conquista o Rali do Cocido

Ten 24 anos e acaba de facerse co seu primeiro grande éxito no mundo do automobilismo. O piloto melidense Alberto Otero, ao volante do seu Mitsubishi Lancer EVO IX, deu toda unha lección de regularidade e conquistou o primeiro posto do Rali do Cocido de Lalín, celebrado na fin de semana do 16 e 17 de marzo.

Otero liderou a clasificación dende a primeira xornada e rematou o campionato cunha vantaxe de 1 minuto e 27 segundos sobre Pablo Silva e de máis de 2 minutos sobre Álvaro Muñiz, que se fixo co terceiro posto do podio. A auga caída sobre a comarca do Deza durante a competición non foi obstáculo para o piloto melidense, que malia preferir correr con tempo seco, soubo adaptarse perfectamente ás condicións climatolóxicas.

Os problemas técnicos e a ausencia dos competidores di-



Otero realizou un rali impecable sen apenas fallos

rectos axudaron a abrir o camiño cara a vitoria: o vigués Alberto Meira, un dos grandes aspirantes ao triunfo, non chegou a tomar a saída por problemas de temperatura no motor do seu coche e Pedro Burgo, outro dos favoritos, non participou no Rali. Pola súa banda Luis Vilariño, un

claro aspirante ao podio, quedou fóra da carreira no primeiro tramo ao saírse da estrada co seu vehículo.

Trala vitoria no Rali do Cocido de Lalín, Alberto Otero centrará agora os seus esforzos na Copa Pirelli e en quedar nos primeiros postos da clasificación xeral.

Escuela Ayude logra 7 metais no campionato de España de Kick Boxing

A derradeira fin de semana do mes de marzo celebrouse en Alcorcón o campionato de España de kick Boxing na súa modalidade Light Contact. Na competición déronse cita 250 deportistas de 14 comunidades e entre eles había oito da Escuela Ayude que formaban parte da selección galega.

O éxito da representación melidense foi absoluto ao conseguir sete medallas repartidas do seguinte xeito: ouro para Sabela Cabado, Patricia López, Cora Ayude e Arón Ayude. Prata para Miriam Martínez e bronce para Nahum Ayude e Mario Varela. Especialmente destacado foi o papel de Aron Ayude, que co ouro que conseguiu alcanza o segundo hat-trick do seu historial deportivo e convértese no único loitador español da súa categoría en conseguilo.

O vindeiro 14 de abril comezará a loita autonómica para os campionatos de España do 2013, que serán na cidade de Pontevedra.

“Melindresricos”, o concurso onde se amasan bos debuxos



Os

Co gallo da XXI edición da Festa do Melindre, a Concelaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Melide organiza a quinta edición do concurso de debuxo infantil “Melindresricos”, dirixido a rapaces e rapazas de entre 3 e 14 anos de todos os centros educativos de Galicia.

A temática dos debuxos debe abordar o Melindre e a repostería tradicional da Terra de Melide, comprendendo dende os ingredientes e os procesos de elaboración dos doces ata a propia festa de exaltación do melindre. A me-

dida dos traballos será tamaño A5 (cuartilla) para nenos e nenas con idades entre 3 e 5 anos e tamaño A4 (folio) para o resto de participantes. Os debuxos terán que ser entregados na Biblioteca Municipal “Xosé Vázquez Pintor”, situada no Edificio Multiusos, antes do 27 de abril.

Todas as obras presentadas serán expostas ao público o 13 de maio, día de celebración da XXI Festa do Melindre e da Repostería da Terra de Melide. Entregaranse catro premios, un por categoría, para os mellores debuxos.

Últimos días para anotarse no campionato de pesca

A Asociación Río Furelos ultima os detalles dunha das competicións máis esperadas polos troiteiros de toda a comarca: o Campionato de Pesca “Terra de Melide”, que acada este ano a súa sétima edición e que se celebrará o 14 de abril.

O concurso ten un número de prazas limitado e por iso é necesario inscribirse para poder participar. A data límite é o 8 de abril. Os interesados poderán facelo a través da páxina web da asociación (www.riofurelos.es) ou por correo electrónico na dirección asociaciontroiteiros@gmail.com. A inscrición tamén se pode realizar chamando ao teléfono 696 607 348.

Unha vez que se peche o prazo realizarase o sorteo do que saíran, de entre todas as persoas inscritas, os participantes finais no campionato. O acto terá lugar o mércores 11 de abril ás 13:30 na Cervexería Godiva e estará aberto ao público. Os participantes elixidos terán que comprometerse a ir acompañados de xuíz e utilizar exclusivamente cebo artificial.

O presidente da Asociación

de Troiteiros “Río Furelos”, Xavier Pazo, fai un chamamento á participación. Destaca que nesta competición pode tomar parte quen queira e presume de que “o campionato de Melide é o único libre que hai en toda Galicia. Pode participar calquera. De feito, o ano pasado tivemos xente ata de Portugal”, comenta.

Organización do concurso

Xa o propio día do campionato, o sábado 14, os participantes que saísen agraciados no sorteo deberán presentarse ás 7:00 da mañá na churrería O Burato, en Melide, para dirixirse ao río Furelos e comezar a competición ás 8:30 horas. Cada troiteiro situarase no tramo de río que lle corresponda. Ás 13:00 darase por rematado o campionato e o xurado procederá a tomar nota das capturas ao tempo que rexistrará a medida dos exemplares.

A entrega de premios realizárase durante o transcurso dun xantar na Cervexería Orois de Melide. O prezo da comida é de 15 euros.

Madame Chocó estrea web e lánzase á venda on line



Rebeca Ponte posa cos doces feitos por ela mesma

Malia a súa curta andaina Madame Chocó, o salón de te melidense con obradoiro de galletas artesás, non deixa de embarcarse en novos proxectos. O pasado mes de marzo tivo lugar no Hotel NH Obradoiro de Santiago a presentación da páxina web do establecemento. Como novidade principal, na dirección www.madamechoco.com pódese acceder á compra on line dunha gran variedade de produtos feitos no local. Ademais o sitio tamén contén información sobre o propio salón de te, a aula de talleres para cativos e outros servizos como o catering para vodas e eventos. No apartado da axenda recóllense actuacións como a do cantautor Al Vila o próximo 6 de abril ás 21:00 horas.

Venres de viños en Arzúa con Confitería-Café “La Esquina”

Os amantes do bo viño e da gastronomía tradicional teñen todos os venres, ás 20:30, unha cita na Confitería-Café “La Esquina”, en Arzúa. O establecemento, situado na Praza de Galicia, leva varias semanas desenvolvendo a actividade “Os venres imos de viños en Arzúa”, un exercicio de sabores, cultura e xuntanzas que busca dar a coñecer a calidade dos produtos e dos servizos que se poden atopar nos municipios regados polas augas dos ríos Ulla e Tambre.

Terras de Ulla e Tambre é un territorio situado no centro de Galicia, na esquina sudeste da provincia da Coruña, que está formado por once concellos: Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques, Touro, Vedra e Vilasantar. É un espazo rural no que destacan as históricas vilas de Arzúa e Melide como principais núcleos urbanos.

Tres empresas melidenses foron as encargadas de inaugurar os venres de viños en “La Esquina”. A primeira foi Serra do Castro, unha fábrica de produtos cárnicos elaborados de maneira tradicional. A súa propietaria, Pilar Costoya, presentou o 16 de marzo un pincho denominado “Orugas Picantes”. O seguinte venres foi a quenda de Distribucións Casa Alongos, que realizou unha cata-presentación de “Ventura”, co acompañamento musical de DeFiuza. O 30 de marzo participou Restaurante-Pulpería Alongos II e Distribucións O Carrizo, que elaboraron unha tapa específica para ese día e contaron cun cortador de xamón.



JUAN GARCÍA, COMERCIAL DE ERUOM VIÑOS S.L.

“Agora a xente bebe menos viño pero de máis calidade”



En Melide é moi coñecido pola súa faceta de empresario da noite e o seu labor á fronte dos pubs Mistik e Nexus, da súa propiedade, pero á marxe do ocio, Juan García é tamén todo un experto en viños.

Dende hai oito anos traballa como comercial de Eruom S.L., unha empresa con sede no Polígono do Tambre, en Santiago, especializada na distribución en exclusiva de viños de calidade con Denominación de Orixe. Entre as adegas que representa destacan Prado Rey (Ribera del Duero), Marqués de Terán (Rioja), Ramón Bilbao (Rioja) ou Mar de Frades (albariño). Ao longo do seu día a día pola xeografía galega en calidade de representante nas zonas de Santiago Centro, Milladoiro, Bertami-ráns, Barbanza, Arzúa e Melide, Juan García aprecia que a cultura do viño está cada vez máis estendida.

Asegura que hoxe en día se bebe menos viño pero de maior calidade, xa que a xente “prefire tomar menos, pagar máis e beber algo bo”. Os viños con denominación de orixe son máis apreciados e niso ten moito que ver o labor pedagóxico que se fai con consumidores a través das catas.

Precisamente esa foi a aposta de Eruom no Forum Gastronómico de Santiago, onde celebrou con éxito varias catas. Con todo, Juan recoñece que o difícil non é “convencer” durante a cata, senón “que o consumidor que asiste a ela pida o teu viño á semana seguinte”. Ese segue a ser o seu reto diario. Xunto con el está tamén o obxectivo de seguir medrando en clientes, máis ca en quilómetros, e difundir por boa parte da provincia da Coruña o sabor e o aroma de bos viños de Denominación de Orixe Protexida.



**MARMOLERÍA
MELIDE S.L.L.**

Fábrica y oficinas:

Parque Empresarial de Melide. Parcela nº 42
Tfno / Fax.: 981 505 518
15800 MELIDE (A Coruña)

- ARCOS
- BALAUSTRADAS
- COLUMNAS
- CHIMENEAS
- LÁPIDAS
- PLATOS DE DUCHA A MEDIDA

Singles Galicia aterra en Melide cunha festa á que asisten máis de 70 persoas

Un fenómeno en pleno auxe con máis de 3.000 socios en Galicia

Solteiros, separados, divorciados, viúvos, incluso almas solitarias... calquera persoa sen parella é un "single" en potencia. Os solteiros de Galicia atoparon na internet e nas redes sociais a mellor maneira de organizarse para compartir intereses comúns con xente de todas as idades e condicións.

Existen máis de 30 plataformas de internautas singles en Galicia a través das que se organizan festas, ceas, viaxes, excursións e incluso cursiños para coñecer persoas sen parella con inquietudes semellantes. O fenómeno comezou a entrar con forza hai aproximadamente sete anos e agora acaba de chegar a Melide de man de Manuel Vázquez, "Sierra", organizador da primeira festa single que se celebra na



Sierra acompañado por dúas das asistentes á festa

vila. A actividade consistiu nunha cea de confraternización que tivo lugar en Ezequiel Eventos e que resultou ser un auténtico éxito: máis de setenta persoas responderon á convocatoria e desprazáronse ata Melide procedentes de diferentes puntos de Galicia. O organizador do evento transmite a través deste xornal as

máis expresivas grazas ás seguintes empresas pola súa colaboración: Casa Juanito, Queixería Terra de Melide, Ezequiel Eventos Privados, Madame Chocó, Floristería Tarrío, Peluquería Víctor, Sánchez Couceiro, Panadería As Delicias, Bodegas Mejuto, Frutería Olga e tamén á cantante Patricia Méndez.

Festas temáticas todos os festivos en A Boa Viña e Q+



Alberto Buján en A Boa Viña durante as xornadas de tapas da zona vella

O mes de marzo foi un sen fin de celebracións temáticas nos locais de Alberto Buján. Unha das máis concorridas foi a Festa 100 Pipers en A Boa Viña, que contou coa presenza dun coche antigo, varias azafatas e numeroso público. A última fin de semana de marzo, a atención estivo posta no Pub Qmáis, que acolleu con éxito a

Festa Larios. A dinámica de celebracións temáticas continuará toda a Semana Santa no pub Q+. Unha das máis destacadas será a Festa Matusalem do venres 6 de abril, con mojitos gratis e o sorteo de 200 euros. O xoves día 5 será a Festa Licor 43, na que participará un barman acrobático que convidará ao asistentes a cócteles.



mercores 4 abril
SORTEO DE: **100€**
FESTA **100 PIPERS**

xoves 5 abril
SORTEO DE: **100€**
FESTA **43** I MAXE
con un barman acrobático que te convidará a cócteles.

AGASALLOS / AZAFATAS / GO-GO'S / FOTOCOOL



venres 6 abril
SORTEO DE: **200€**
FESTA **Matusalem** con mojitos gratis...

sábado 7 abril
FESTA **BACARDI LIMÓN**



Festa Larios Pub QUEMAIS



Festa 100 PIPERS A BOA VIÑA

Reflexións sobre a lei Sinde-Wert

Rafael Rodríguez Gaioso
enxeñeiro informático e presidente de Melisa



O pasado 1 de marzo entrou en vigor o Real Decreto que regula a Comisión de Propiedade Intelectual, ou sexa, os mecanismos da polémica Lei Sinde-Wert. O obxectivo desta lei é protexer os dereitos de autor facendo uso dun proceso 'express' que poderá executar o peche de páxinas web sen contar coas garantías dun proceso xudicial. Unha lei que nace en novembro do 2009, e que despois dalgúns cambios, foi aprobada no Congreso cos votos favorables de PP, PSOE e CiU, en febreiro do 2011. A pesares disto, o último Consello de Ministros do anterior goberno non foi capaz de alcanzar un acordo, e quedou enriba da mesa para o seguinte goberno.

Segundo declaracións da Coalición de Creadores, existe unha lista de 200 webs que poden ser obxecto de demandas ante esta Comisión, pero sobre todo hai dúas que están no punto de mira; Seriesyorkis e Cinetube, que almacenan ligazóns a contidos protexidos polos dereitos de autor. Se aplicamos esta lei de forma rigorosa, calquera buscador de páxinas web tamén estaría incumplindo a norma.

Os defensores da lei afirman que é "necesaria para protexer aos creadores". Pero quen esixe esta lei son os intermediarios, que por un lado manipulan aos creadores, e por outro, impiden o desenvolvemento do mercado dixital. Afirmacións do tipo "a xente non quere pagar", contrastan cos datos dos usuarios de pago cos que contaba MegaUpload. Outra afirmación é que as descargas producen "pérdidas millonarias". Algo

totalmente falso, e tramposo, xa que unha descarga non equivale a unha venda perdida, tan só é iso, unha descarga.

En canto aos compromisos internacionais que afirman ter coa UE, ou con países produtores de contidos, chocan frontalmente coa soberanía do noso país. Quen presionou a España foron os colectivos que agrupan á industria do entretemento, e ante estas presións, os nosos dirixentes fixeron os 'deberes' con intención de sacar boa nota, porque o peche de páxinas web é vista polo resto do mundo como unha medida desproporcionada.

Existen precedentes nos últimos anos de sentenzas xudiciais afirmando que as páxinas de ligazóns non infrinxen dereitos de propiedade intelectual, é por isto que un dos motivos polos cales xenerou un maior rechazo a entada desta lei, é a participación case testemuñal da autoridade xudicial. A Comisión de Propiedade Intelectual poderá executar o peche de páxinas web a través dos operadores que as albergan, e tan só terán que pedirle permiso á autoridade xudicial para que non se vulneren os dereitos recollidos no artigo 18 da Constitución Española, que protexe os dereitos á honra, á intimidade persoal, e ó segredo nas comunicacións. Pero, para nada se lle pregunta á autoridade xudicial acerca da aplicación da lei de propiedade intelectual. Dito noutras palabras, o penalti segue sendo a falta dentro da área, pero como o árbitro non pita ao meu favor, cambio o árbitro.

Segundo esta lei, tamén habería que pechar o buscador de

Google? Por suposto, calquera sitio web que facilite a localización de contidos protexidos polos dereitos de propiedade intelectual, pode ser bloqueada pola lei Sinde-Wert. Calquera lector pode entender agora o absurdo desta lei, xa que non vai conseguir máis que desplazar este tipo de contidos cara outros servidores, por exemplo fóra de España, ou crear un novo modelo de distribución de contidos.

Levamos cerca dunha década sendo incapaces de atopar unha solución que satisfaga a tódalas partes interesadas neste debate. En lugar de crear un debate serio e participativo, no que teñan cabida as diferentes entidades afectadas, estamos asistindo a unha pataleta máis dunha industria que non sabe adaptarse aos novos cambios derivados dos avances tecnolóxicos. Unha industria que padece o mal de Tarzán ("que non solta a liana que ten na man sen saber cal vai ser a seguinte").

Non defendemos as actitudes dos usuarios da rede que queren descargar todo de xeito gratuito, pero tamén é verdade que hai moitos miles de usuarios que queren pagar polos contidos e non dispoñen de ofertas reais. Son moitas as trabas que se lle poñen a empresas como Netflix á hora de ofertar os seus produtos en España. Botamos de menos un diálogo serio entre todos, coa Administración como mediadora, e non como inquisidora á caza de 'piratas'.

De tódolos xeitos, foi presentado un recurso ante o Tribunal Supremo que podería anular a entrada en vigor desta recente lei.

Cumprindo obxectivos

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros "Río Furelos"

O Río Furelos foi destino no 2011 para moitos afeccionados galegos e do resto do estado, incluso estranxeiros, que atraídos pola pesca da troita tiveron ocasión de coñecer outros valores da nosa terra. A Asociación de Troiteiros "Río Furelos" aposta pola unión e a colaboración coa administración para conseguir que Melide (o río Furelos) deixe de ser o gran descoñecido e pase a ser (xa o é) un referente nacional da pesca da troita.

Vimos como o Río Furelos pasou de ter "os tres de sempre" a aumentar o número de afeccionados á pesca da troita nas súas ribeiras ao longo destes últimos anos. Nesta promoción ten moito que ver a Asociación de Troiteiros "Río Furelos", que se esforzou dende o primeiro intre da súa fundación (hai apenas seis anos) por dar a coñecer as excelencias do río para a pesca da troita. Tamén por divulgar os valores que a Terra de Melide esconde para facer dela un destino coñecido e apreciado para o pescador viaxeiro.

Quen o pensaría dos membros da Asociación de Troiteiros "Río Furelos", cando apenas hai seis anos puxemos en marcha a idea de dar a coñecer a Terra de Melide a través da pesca? Foi xusto no inicio da tempada troiteira co Campionato de Pesca Terra de Melide, premiando ao pescador que conseguise máis capturas e tamén a peza máis grande do día. A idea deu como resultado que ese grupo de amigos formalizase oficialmente o campionato e que moitos pescadores coñecesen o Río Furelos e a nosa bisbarra. O que nun principio consistía na humilde intención de que os afeccionados pescadores tiveran un día de convivencia, converteuse seis edicións despois no obxectivo principal da Asociación de Troiteiros: fomentar a pesca e o turismo na Terra de Melide.

Os integrantes da directiva saben moi ben o sacrificio e o traballo que, ano tras ano, tanto eles como o resto dos 390 membros da asociación dedican para conseguir dar a coñecer os magníficos valores naturais que o río Furelos e as súas troitas esconden para o

amante da pesca. O seu empeño dende o primeiro día foi converter esta pequena e humilde asociación de pescadores nun embaixador de Melide por todo o estado. Con ese obxectivo aproveitamos todas as iniciativas posibles ao noso alcance; dende a Fundación Félix Rodríguez de la Fuente, Miguel Pesca, ata a asistencia a Fitur e os foros de internet, a prensa especializada a nivel galego e estatal, vídeos, televisión, radio...

Ao final todo este sacrificio mereceu a pena. Mereceu a pena e foi recompensado ao longo do tempo cun aumento considerable de socios e de pescadores galegos e do resto do estado que veñen visitar Melide atraídos polo río Furelos e as súas troitas. Ao mesmo tempo teñen ocasión de coñecer outros valores melidenses como a gastronomía, a hospitalidade das nosas xentes, a natureza sublime que esconden as nosas paisaxes, a nosa cultura, a arte e, por que non, tamén a tranquilidade da nosa forma de vida lonxe do estrés e das carreiras propias das grandes cidades.

Agora é o momento de tomar conciencia dos valores que a Terra de Melide esconde, de crer neles e sabelos vender ao igual que levamos facendo coa pesca dende hai seis anos. A grande aposta polo turismo en Melide ten que partir da unión entre as administracións e as sociedades que, como a Asociación de Troiteiros "Río Furelos", queiran ir da man e de forma totalmente altruísta para conseguir unha promoción de Melide ao máis alto nivel.

Para elo é imprescindible que continúe ou que se incremente, no caso de ser posible, a colaboración recibida pola Asociación de Troiteiros por parte de todas as institucións locais e autonómicas, así como o apoio incondicional das empresas melidenses relacionadas co sector turístico e deportivo. Dita colaboración é necesaria, imprescindible, para continuar realizando este tipo de actividades que sigan dando a coñecer Melide de cara ao exterior e axuden a convertelo nun referente no sector turístico nacional.

M^a CARMEN RODRÍGUEZ BARBEITO,
SKALA PELUQUEROS - ACADEMIA DE PELUQUERÍA Y ESTÉTICA

“As alumnas que estudan en pequenas academias reciben mellor formación”

Tamén é cuestión de profesionalidade, tratándose dunha perruqueira, o presentarse perfectamente peiteada e maquillada a unha entrevista. Así aparece M^a Carmen Rodríguez Barbeito na academia que tanto esforzo lle custou poñer en marcha e da que, 13 anos despois, se sente orgullosa.

A súa condición de empresaria da ensinanza, distribuidora de produtos para perruquería, profesional do peiteado e da medicina estética deixan pouco tempo para visitar un lugar no que se reencontra cas súas orixes e no que sente cómoda falando do tempo pasado e dos proxectos de futuro.

-Foi toda unha pioneira conseguindo unha academia de perruquería e estética para Melide...

-Leva trece anos funcionando e aínda a día de hoxe é o único centro de ensinanza de toda a zona. As academias máis próximas están na Coruña, Santiago e Lugo. Foi un negocio no que me embarquei porque existía unha praza para montar unha academia e pareceume unha boa oportunidade precisamente pola distancia co resto de centros homologados.

-Resultou doado sacar o proxecto adiante?

-Foi moi, moi complicado que Melide tivese esta academia. Como era un pobo pequeno, había prexuízos. Viñeron velo e non gustaba, non había interese. Grazas ao apoio do concello conseguimos que se valorase. Obter a homologación foi difícil e mantela tamén o é; temos que pasar unha auditoría cada ano. Recordo que daquela, ao pouco de outorgar, lla retiraron a máis de 20 centros de toda Galicia. A min tamén ma quixeron quitar. O que tiven que loitar!

-Quen os homologa?

-Unha institución privada. Hai dúas maneiras de obter un título oficial: a través da Xunta, que é unha titulación académica, ou de forma privada, que se denomina cualificación profesional. Esta última é a que nós ofrecemos. Acreditátese para poder montar o teu propio negocio.

-En que consiste a formación que ofrecen?

-Damos teoría e a maiores debuxo, nocións básicas de inglés comercial e informática. Logo está a parte práctica. Ademais ofrecemos o que se



M^a Carmen Rodríguez Barbeito na súa academia de Melide

chaman “minicualificacións”, uns cursos de menos horas para especializarse en manicura, pedicura ou maquillaxe.

-Os prexuízos dos que me falaba, seguen vixentes?

-En certo xeito, si. A xente pensa que é mellor ir ás cidades porque as academias son máis grandes. É un erro, porque unha academia pequena como Skala é máis familiar, tes todo controlado e podes estar encima das alumnas. Fórmase moito mellor. Nunha academia grande saen case sen saber cortar. Aquí antes de rematar xa están as perruqueiras esperando por elas.

-A súa relación coa perruquería chegou coa academia ou vén de antes?

-Vén de antes. Levo moitos

anos neste mundo. Tamén dei o paso ao campo da medicina estética. Na Coruña teño dous centros onde facemos tratamentos empregando as técnicas máis modernas. Tamén me dedico á distribución. De feito, en Skala acabamos de poñer en marcha unha especie de tenda para a venda de produtos de perruquería e todo tipo de aparellos. Está enfocado para o público en xeral e tamén para as perruqueiras da comarca, ás que se lles aplica un prezo profesional.

-Como evolucionou a perruquería nos últimos anos?

-Cara á sinxeleza. Antes levábanse moito os recollidos e todo era máis complexo. Agora non. As permanentes desapareceron e os moldeados

van polo mesmo camiño. Cada vez lévase máis o pelo natural. O mesmo pasa coa maquillaxe.

-Supoño que na súa profesión lle require estar moi actualizada...

-Continuamente. Eu viaxo moito por traballo. Hai dous anos collín 24 avións no ano. Bolonia, Madrid, Barcelona, Oporto... todas as feiras internacionais. É algo que tamén nos esixen para a academia. Hai que estar á última.

-A clienta déixase aconsellar?

-En xeral, si. De todos xeitos, a clienta que entra pola porta dicindo o que quere que lle fagas é unha moi boa clienta. Sempre sae contenta. A mala é a que nunca sabe o que quere, a que está insegura e ten dúbidas.

“Temos prezos especiais para profesionais da perruquería que merquen os nosos produtos”

“A mellor clienta é a que entra pola porta e ten claro o que quere que lle fagas co pelo”

das. Fagas o que lle fagas, nunca lle vai gustar...

-Como lle afecta a crise a unha perruquería?

-No meu caso non perdín clientela, pero se a xente antes viña 3 ou 4 veces ao mes para peitearse, agora só ven unha. Aí está a diferenza. E iso a pesar de que temos uns prezos moi baratos e levamos dende o ano 2007 sen subilos. Agora si que chegou a crise a Melide. Eu ata 2011 non a notei para nada e incluso me parecía prepotente dicilo. Ese ano xa cambiou o conto e no 2012 parece que imos a peor.

-É certo o mito de que na perruquería se cotillea?

-Si, si, é completamente real. Fálase de todo pero o cotilleo e as revistas non poden faltar.

Casa conmigo... en Melide

**SALÓN
DE VODA**

22 de Abril



Domingo 22 de abril, Pazo de Congressos, Melide
Horario: 11:00 - 20:00 horas

www.salondeboda.com



Organiza:

